




Informe 2014 da Cooperación Galega

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Informe 2014 da Cooperación Galega

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia

Edita

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia

Textos e coordinación editorial

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Deseño e maquetación

WINDSOCK (www.windsock.es)

Fotografías

Fotografías cedidas polos distintos axentes de cooperación
Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Índice

Prólogo do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	5
1. Introducción: marco normativo de referencia	6
2. A Cooperación Galega en cifras	9
3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017	22
4. Actuacións de cooperación no exterior	30
4.1 Convocatorias de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes — 30	
4.2 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior — 65	
4.2.1 Convenios de colaboración do ano 2014	
4.2.2 Convenios de colaboración de anos anteriores	
4.3 Actuacións doutras consellerías — 69	
5. Axuda humanitaria e de emerxencia	71
5.1 Convocatoria aberta e permanente para proxectos de acción humanitaria — 72	
5.2 Convenios de colaboración para actuacións humanitarias e de emerxencia — 78	
5.3 Outras actuacións — 84	
6. Actuacións de educación para o desenvolvemento	86
6.1 Convocatoria 2014 de proxectos de educación para o desenvolvemento — 86	
6.2 Convocatoria 2013 de proxectos de educación para o desenvolvemento — 94	
6.3 Convenios de colaboración para actividades de educación para o desenvolvemento — 98	
7. Actuacións de consolidación e fortalecemento de ONGD	101
7.1 Convocatoria 2014 de proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD — 101	
7.2 Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento — 106	
8. Formación	108
8.1 Bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento — 108	
8.2 Actividades formativas — 109	
9. Coordinación sectorial e interadministrativa	110
9.1 Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) — 110	
9.2 Comisión Interterritorial de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento — 111	
9.3 VII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento — 112	
9.4 Consello de Acción Exterior (CAEX) — 113	
10. Viaxes, visitas e actos institucionais	114
10.1 Viaxes de cooperación ao exterior — 114	
10.2 Visitas institucionais a Galicia — 118	
10.3 Campaña Mundial pola Educación 2014 — 120	
11. Publicacións e avaliacións	121
11.1 Publicacións — 121	
11.2 Avaliacións — 122	

Prólogo

do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Son varias as razóns que levan a pensar que o de 2014 foi un ano importante para a política galega de cooperación para o desenvolvemento.

En primeiro lugar, porque se trata do ano de posta en marcha do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017, un plan a catro anos que parte das experiencias e leccións aprendidas, que está adaptado ao contexto económico e financeiro actual e que recolle as orientacións do Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) da OCDE. Ademais, este instrumento de planificación está dotado dun carácter máis estratéxico, que busca a posta en valor dos aspectos cualitativos da nosa cooperación, de acordo con principios tales como unha maior concentración xeográfica e sectorial da axuda ou a especialización da Cooperación Galega, con base nas súas vantaxes comparativas.

O ano 2014 marca, polo tanto, o inicio dun novo ciclo de planificación que pretende dar continuidade á modernización estratéxica e operativa da Cooperación Galega que impulsaron os anteriores plans directores liderados pola Xunta de Galicia, e que contribuíron a que hoxe contemos cun sistema galego de cooperación máis especializado, con maior experiencia e cun tecido social máis activo e con maior capacidade para a consecución de logros colectivos na loita contra a pobreza e as desigualdades globais.

O 2014 foi tamén o ano en que, por primeira vez desde que comezara a crise económica, o Goberno galego destinou ao programa orzamentario de cooperación para o desenvolvemento os mesmos recursos que no ano anterior, é dicir, 4.143.379€, rompendo así a senda descendente dos últimos anos. Esa decisión política está na base do compromiso asumido pola Xunta de Galicia de traballar por un crecemento dos recursos dispoñibles cando a previsible recuperación económica o permita.

Cabe salientar ademais que o citado orzamento permitiu que en 2014 Galicia mellorase o seu posicionamento relativo no conxunto das Comunidades Autónomas, en volume de recursos destinados á cooperación nos orzamentos autonómicos.

O mantemento dos fondos permitiu elaborar un Plan anual 2014 da Cooperación Galega no que se recollían actuacións en todos os eidos do III Plan director, a través dos diferentes instrumentos de financiamento. O exercicio rematou, así, con dúas convocatorias de axudas para proxectos no exterior publicadas e cunha axuda oficial ao desenvolvemento da Xunta de Galicia para o ano 2014 de 4.293.686€, superior, polo tanto, á inicialmente aprobada.

Finalmente, o 2014 estivo marcado polo cumprimento dos compromisos recollidos no plan anual, polo elevado grao de execución orzamentaria e pola solvencia financeira da Xunta de Galicia, tres características que xunto coa transparencia se consolidan como sinais de identidade da Cooperación Galega. Precisamente, en aras desa transparencia presentamos este informe sobre as actuacións levadas a cabo durante o ano 2014 no ámbito da cooperación para o desenvolvemento e os recursos públicos que se utilizaron para ese fin.

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1

Introdución: marco normativo de referencia

O marco normativo galego no ámbito da cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria vén establecido nos seguintes instrumentos:

- A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia, que pon de manifesto o interese, a responsabilidade e a solidariedade da sociedade civil galega e as súas institucións coa eliminación da pobreza a nivel mundial.
- O Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- O Decreto 90/2011, do 5 de maio, que modifica o Decreto 326/2004, do 29 de decembro, na parte relativa ao Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que define á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) como órgano superior da Administración autonómica na materia de cooperación ao desenvolvemento.

A Lei 3/2003 establece que a Cooperación Galega para o desenvolvemento se articula a través de plans directores cuadrienais e de plans anuais.

O Plan anual 2014 da Cooperación Galega (cuxos resultados son obxecto do presente informe) enmárase no III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017 que foi aprobado polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento o 13 de decembro de 2013, polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de decembro de 2013 e, finalmente, polo Parlamento de Galicia o 18 de marzo de 2014.


Este III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017 xorde da vontade de profundar na eficacia e calidade da contribución que a cidadanía galega realiza a través da política pública de cooperación ao desenvolvemento aos esforzos dos países e comunidades socios. Por outra banda, este novo ciclo de planificación quere dar continuidade á modernización estratéxica e operativa da Cooperación Galega que impulsaron os anteriores plans directores liderados pola Xunta de Galicia

Dentro do proceso de consolidación da mellora da calidade e eficacia da Cooperación Galega a nova estratexia presenta as seguintes características diferenciadoras:

- A aposta por unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países socios cos que traballa a Cooperación Galega.
- O aliñamento coa nova axenda global de desenvolvemento e coa cooperación española para contribuír aos esforzos colectivos da cidadanía galega e española por promover o desenvolvemento humano sostible, a diminución da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos humanos nos países socios.
- A racionalización e simplificación do seu marco estratéxico para promover un maior alcance

e impacto da axuda galega como propugna o modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento.

- A procura dun maior valor engadido da axuda a través da súa previsibilidade financeira con garantías de solvencia e sostenibilidade; da súa concentración xeográfica en 10 países prioritarios (Mozambique, Cabo Verde, Bolivia, Ecuador, Perú, República Dominicana, Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador) e da súa especialización nos sectores nos que Galicia conta con vantaxes comparativas (agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, xestión dos recursos hídricos e abastecemento de auga e educación para o desenvolvemento).



GRUPO

UNA Vivien da digna

Energia eleTRica

la Potable

es

es

ba

AcXeso

de comu

las Vivien

Tener venta na s

con valcones

2

A Cooperación Galega en cifras

O Plan anual 2014 pode resumirse nas seguintes cifras:

- Orzamento inicial, correspondente á dotación do programa 331-A: Cooperación Exterior da DXRREE e UE: 4.143.379 € (o mesmo que o do 2013).
- Un 99,7% de execución de orzamento final (no 2º trimestre houbo un recorte de 220.000 € no capítulo VII do do programa 331-A).
- O 100% de orzamento executado foi pagado dentro do exercicio.
- Un 73% do orzamento operativo de gastos destinouse a convocatorias públicas de axudas.
- Un 17% do orzamento operativo de gastos destinado a actuacións de axuda humanitaria e de emerxencia.
- 85 proxectos financiados.
- 14 proxectos no exterior avaliados.
- Un total de 379.331,28 € procedentes doutros programas orzamentarios destinados a cooperación.
- O total da AOD da Xunta de Galicia para o ano 2014 acadou os 4.293.686 €

A Cooperación Galega en cifras

TÁBOA 1: Distribución do orzamento da Cooperación Galega no ano 2014

CAPÍTULO	CONCEPTO	ORZAMENTO (€)	
		INICIAL (PROG. 331-A)	FINAL
Capítulo I	Gastos de persoal	407.973,00	407.973,00
Capítulo II	Gastos de funcionamento	-	100.000,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	3.013.568,00	2.994.469,43
	Transferencias a universidades	175.000,00	171.366,04
	Transferencias a institucións sen fins de lucro	525.000,00	507.025,00
	Actuacións de cooperación no exterior	2.014.568,00	2.100.542,00
	Convenio Coordinadora Galega de ONGD	90.000,00	90.000,00
	Convenio Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	40.000,00	40.000,00
	Bolsas formación en cooperación	91.700,00	58.000,00
	SS Bolsas formación en cooperación	2.300,00	2.536,39
	Fondo Humanitario	50.000,00	0,00
	Convenio Asociación Solidariedade co Pobo Saharauí (SOGAPS)	25.000,00	25.000,00
Capítulo VI	Investimentos reais	60.000,00	73.812,50
Capítulo VII	Transferencias de capital	661.838,00	438.100,00
	Actuacións de cooperación no exterior	586.838,00	363.100,00
	Convenio Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)	75.000,00	75.000,00
TOTAL ORZAMENTO D.X. RR. EE. E COA UE (Área de Cooperación para o Desenvolvemento)		4.143.379,00	4.014.354,93
Consellería de Sanidade		-	257.271,00
Consellería do Medio Rural e do Mar		-	22.060,28
TOTAL ORZAMENTO XUNTA DE GALICIA		4.143.379,00	4.293.686,21

A pesar da redución de 220.000€ que nos mes de abril afectou ao capítulo VII do programa 331-A, ao final do ano 2014 os recursos totais destinados pola Xunta de Galicia a cooperación para o desenvolvemento foron superiores aos inicialmente previstos no Plan anual 2014, debido ao financiamento de actuacións a través de fondos procedentes doutros programas orzamentarios diferentes ao específico de cooperación exterior.



A Cooperación Galega en cifras

TÁBOA 2: Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2014¹

	TIPO DE INSTRUMENTO	IMPORTE (€)	
Coooperación ao desenvolvemento	Proxectos ONGD	1.297.202,00	1.967.692,21
	Outros axentes	347.393,00	
	Microproxectos	15.429,21	
	Convenios	307.668,00	
Acción Humanitaria	Convocatoria	300.000,00	605.950,00
	Convenios	305.950,00	
Fortalecemento de axentes	Convocatoria	70.510,40	259.510,40
	Convenios	189.000,00	
Educación para o desenvolvemento	Convocatoria	479.596,64	543.396,64
	Convenios	63.800,00	
Formación	Bolsas	60.536,39	60.536,39
Outros	Asistencias técnicas (avaliacións, estudos, informes, etc.)	76.812,50	76.812,50
TOTAL			3.513.898,14

Tal e como se desprende da táboa 2, no ano 2014 foron destinados a gastos de actividades un total de 3.513.898,14€, o que representa un 87,5 % do orzamento final de cooperación da DXRREE e UE.

¹ Nesta táboa e nas seguintes so se teñen en conta as achegas da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, non as doutros departamentos da Xunta de Galicia.

A Cooperación Galega en cifras

TÁBOA 3: Distribución xeográfica da axuda da DXRREE e UE²

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
América do Sur	Bolivia	273.765,00	4	14%
	Ecuador	149.318,00	2	8%
	Perú	391.295,00	5	20%
Centroamérica	El Salvador	100.000,00	1	5%
	Guatemala	119.725,00	2	6%
	Haití	67.079,00	1	3%
	Honduras	168.926,00	2	9%
	Nicaragua	91.311,00	2	5%
	República Dominicana	139.500,00	2	7%
	Centroamérica ⁽³⁾	145.112,00	3	7%
África	Níger	70.000,00	1	4%
	Guinea Bissau	15.429,21	1	1%
	Mozambique	236.232,00	4	12%
TOTAL		1.967.692,21	30	100 %



² Non se inclúen datos de Acción Humanitaria.

³ Corresponde ao Programa de Formación de Pescadores Artesanais de Centroamérica (PROFOPAC), no que participan 7 países (Belize, Guatemala, El Salvador, Honduras, Nicaragua, Costa Rica y Panamá) e a un proxecto aprobado na convocatoria doutros axentes.

A Cooperación Galega en cifras

No III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017 (III PD) reduciuse de 12 a 10 o número de países prioritarios, nun intento de lograr unha maior concentración da axuda e maior eficiencia na súa xestión.

Tal e como amosa a táboa 3 e o seu gráfico adxunto, durante o ano 2013 executáronse intervencións de cooperación para o desenvolvemento en 11 países, logrando un bo grao de concentración e aumentando, respecto do ano pasado, a porcentaxe de concentración de fondos destinados a países prioritarios, que no 2010 foi do 84,5 %, no 2011 do 86,70 %, no 2012 do 89,32 %, no 2013 do 95,80 % e no 2014 do 96,50 %

TÁBOA 4: Distribución xeográfica da acción humanitaria

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (€)	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
África	Kenya	25.000,00	4 %
	Mali	58.000,00	10 %
	Población Saharaui (Arxelia)	100.000,00	17 %
	Sudán do Sur	138.280,00	23 %
	Chad	20.000,00	3 %
	Uganda	10.294,00	2 %
	Serra Leona	50.000,00	8 %
	RD Congo	48.991,00	8 %
	Guinea Bissau	4.541,73	1 %
Asia	Siria	23.992,27	4 %
	Territorios Palestinos Ocupados	59.330,00	10 %
América do Sur	Colombia	62.721,00	10 %
	República Dominicana	4.800,00	1 %
TOTAL		605.950,00	100 %

Polo que respecta á distribución xeográfica da acción humanitaria, como se desprende da táboa 4 financiáronse actuacións de axuda humanitaria e de emerxencia en 11 países, nos territorios palestinos, e coa poboación saharauí.



O III PD conserva as mesmas prioridades sectoriais do II PD aos efectos de cara onde se debe orientar a distribución sectorial dos recursos, aínda con algún cambio de denominación:

- Cobertura das necesidades sociais básicas.
- Desenvolvemento económico local.
- Participación social, empoderamento e dereito das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz.
- Acción humanitaria.
- Educación para o desenvolvemento.
- Investimento no ser humano.
- Xestión ambiental sustentable e hábitat.
- Consolidación e fortalecemento de axentes.
- Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores.

O III PD tamén establece 7 sectores de especialización nos que Galicia ten coñecemento experto, e nos que se concentrarán, como mínimo, entre o 80 % e o 90 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento:

- Agricultura e desenvolvemento rural.
- Educación.
- Pesca e Acuicultura.
- Xestión integral e gobernanza de recursos hídricos.
- Habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento.
- Saúde xeral e básica.
- Programas/políticas sobre saúde sexual e reprodutiva.

A Cooperación Galega en cifras

TÁBOA 5: Distribución sectorial da axuda

SECTOR III PD COOPERACIÓN GALEGA		IMPORTE (€)	PORCENTAXE ACADADO 2014	PORCENTAXE OBXECTIVO DO III PD
1	Cobertura das necesidades sociais básicas	812.533,21	24 %	25-30 %
2	Desenvolvemento económico local	621.447,00	18 %	25-30 %
3	Participación social, empoderamento e dereito das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	277.078,00	8 %	7-10 %
4	Acción humanitaria	605.950,00	18 %	8-10 %
5	Educación para o desenvolvemento	543.396,64	16 %	8-10 %
6	Investimento no ser humano	317.170,39	9 %	4-5 %
7	Xestión ambiental sustentable e hábitat	0,00	0 %	3-4 %
8	Consolidación e fortalecemento de axentes	259.510,40	8 %	4-5 %
9	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	0,00	0 %	1 %
TOTAL		3.437.085,64	100 %	100 %


Se consideramos os intervalos de porcentaxes establecidos como obxectivo no III PD, obsérvanse desequilibrios en a práctica totalidade dos sectores, que se tratarán de ir corrixindo nos seguintes anos de vixencia do III PD.

A Cooperación Galega en cifras

TÁBOA 6: Distribución por tipo de instrumento

REXIÓN	IMPORTE (€)	DESAGREGACIÓN	IMPORTE (€)
Convocatorias	2.570.667,64	Proxectos ONGD	1.297.202,00
		Outros Axentes	347.393,00
		Microproxectos	15.429,21
		Acción Humanitaria	300.000,00
		Educación para o desenvolvemento	407.230,60
		Fortalecemento de Axentes	70.510,40
		Investigación	72.366,04
		Bolsas de Formación	60.536,39
Convenios	866.418,00	Cooperación para o desenvolvemento	307.668,00
		Acción Humanitaria	305.950,00
		Educación para o desenvolvemento	63.800,00
		Fortalecemento de Axentes	189.000,00
Capítulo VI	76.812,50		76.812,50
TOTAL			3.513.898,14

Polo que respecta ao reparto da axuda en función do instrumento empregado, segundo se desprende da táboa 6, a Cooperación Galega segue apostando pola canalización de fondos a través de convocatorias públicas de axuda, utilizando os convenios de colaboración para actuacións puntuais e excepcionais.






TÁBOA 7: Distribución por tipo de axente

TIPO DE AXENTE	IMPORTE (€)	PORCENTAXE
ONGD	2.014.764,21	60 %
Agrupacións mixtas	261.054,00	8 %
Outros	307.668,00	9 %
Universidades	335.856,04	10 %
Empresas	77.232,00	2 %
CGONGD	90.000,00	3 %
Fogacosol	40.000,00	1 %
Comunidades galegas no exterior	0,00	0 %
Axencias internacionais	249.975,00	7 %
Sindicatos	0,00	0 %
TOTAL	3.376.549,25	100 %

Dado que, a excepción da convocatoria doutros axentes para proxectos no exterior e a nova convocatoria de investigación para o desenvolvemento, o resto de convocatorias son exclusivas para ONGD, a distribución das axudas por tipo de axente establecida na táboa 7 e no seu gráfico adxunto amosa, como xa é habitual, a preponderancia das intervencións executadas a través das ONGD, que alcanza o 60 % dos recursos destinados ao financiamento de proxectos.





3

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 1 A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO NORMATIVO ESTRATÉGICO E OPERATIVO COA AXENDA GLOBAL DE DESENVOLVEMENTO			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES ⁽¹⁾	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.1.1. Actualizar o marco normativo da Cooperación Galega.	I.1.1.1. Unha nova Lei Galega de Cooperación para o Desenvolvemento aprobada.	1. Lei Galega de cooperación para o desenvolvemento aprobada. 2. Normativa de subvencións adaptada á cooperación para desenvolvemento. 3. Órganos de coordinación e participación renovados.	Iniciouse o traballo de incorporar en textos lexislativos en tramitación como o Proxecto de lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración ou no Decreto que regulará a Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia a introdución de novidades normativas nestes eidos, que se materializarán no ano 2015.
L.A.1.2. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da administración pública galega.	I.1.2.1. N° de xuntanzas do grupo de traballo cos distintos departamentos da Xunta de Galicia para incorporar nos seus pregos de cláusulas os criterios de comercio xusto e compra pública responsable nas súas compras e adquisicións.	4. Grupo de traballo en funcionamento. 5. Informe de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza realizado.	Non se produciron avances neste eido no ano 2014 O Informe de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza non foi solicitado polo Parlamento no ano 2014.
L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios en cooperación ao desenvolvemento.	I.1.3.1. O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.	6. Orzamento do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado.	O Plan anual 2014 aprobado polo Consello da Xunta do 9 de xaneiro de 2014 conta cun orzamento de 4.143.379€
L.A.1.4. Dar continuidade aos procesos de mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda.	I.1.4.1. 70 %-75 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE distribuída a través de convocatoria e o 25 %-30 % restante a través de convenios. I.1.4.2. N° de convocatorias de axudas de microproxectos, fortalecemento e consolidación de axentes e educación para o desenvolvemento abertas ao liederado do conxunto de axentes de cooperación.	7. Convenios formalizados 8. Convocatorias de axudas convocadas e resoltas. 9. Bases revisadas das convocatorias de microproxectos, fortalecemento e consolidación de axentes e educación para o desenvolvemento.	O 71,43 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE distribuíuse a través das convocatorias de proxectos e microproxectos no exterior, educación para o desenvolvemento e consolidación e fortalecemento de axentes, axuda humanitaria e investigación para o desenvolvemento. O 24,66 % restante foi distribuído a través de 13 convenios. Aínda que non se abriron as convocatorias existentes a outros axentes, creouse unha convocatoria específica de investigación dirixida ás universidades.

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 2			
A COOPERACIÓN GALEGA CONCENTRA A SÚA AXUDA NO EXTERIOR CON CRITERIOS DE EFICACIA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 10 países socios.	I. 2.1.1. Como mínimo entre o 75 % e o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 10 países socios da Cooperación Galega.	10. Convenios e convocatorias executados nos países prioritarios.	O 84,87 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento concéntrase nos países prioritarios.
L.A.2.2. Aliñar as actuacións da Cooperación Galega cos marcos de asociación país da cooperación española e coas políticas públicas dos países socios.	I. 2.2.1. Valoración nas bases das convocatorias de proxectos no exterior do grao de aliñamento cos MAP e as políticas públicas dos países socios.	11. Formularios de presentación de proxectos no exterior con apartado específico. 12. Criterios de valoración establecidos nas bases das convocatorias de proxectos no exterior.	Tanto os formularios de presentación dos proxectos como os criterios de valoración establecidos nas bases teñen en conta a necesidade de adaptarse aos MAP.
L.A.2.3. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados.	I. 2.3.1. Como mínimo un 15 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos países menos adiantados.	13. Proxectos no exterior executados en países menos adiantados.	Un 27,93 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE foi destinada a países menos adiantados.
L.A.2.4. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.	I. 2.4.1. Como mínimo un 15 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas.	14. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.	A porcentaxe de axuda desembolsada pola DXRREE e UE para proxectos no exterior que foi dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas elevouse a un 63,14 %

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 3 A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.3.1. Fortalecer a especialización sectorial da Cooperación Galega.	I. 3.1.1. Entre o 80 % e o 90 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 7 sectores de especialización.	15. Proxectos no exterior executados nos sectores de especialización. 16. 1 Proxectos e intervencións executadas en cada un dos sectores.	O 85 % da axuda desembolsada en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 7 sectores de especialización.
L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.	I.3.2.1. Como mínimo un 50 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE canalizouse por medio de convocatoria pública. I.3.2.2. Como mínimo un 10 % da axuda desembolsada pola DXRREE e UE en acción humanitaria destinouse á redución de riscos e á resiliencia.	17. Convocatorias Aberta e Permanente de Acción Humanitaria resoltas. 18. Proxectos e convenios en acción humanitaria financiados.	O 49,51 % da axuda desembolsada en acción humanitaria foi canalizada a través da convocatoria aberta e permanente (a través da cal financiáronse 5 proxectos), e o resto a través de 5 convenios. Un 22,82 % da axuda desembolsada en acción humanitaria destinouse a resiliencia.



Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 4 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA COORDINAN E COMPLEMENTAN AS SÚAS ACTUACIÓNS PARA CONTRIBUÍR A RESULTADOS DE DESENVOLVEMENTO			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.	I.4.1.1. Achegas económicas ao Fondo Humanitario Común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia. I.4.1.2. N° de xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento e dos Encontros de comunidades autónomas e Cooperación nos que participa a Xunta de Galicia.	19. Achegas económicas ao Fondo Humanitario Común realizadas. 20. Xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española celebradas. 21. Encontros de comunidades autónomas e Cooperación celebrados.	Non houbo achegas ao Fondo Humanitario Común AE-CID-Xunta no ano 2014 pois o Fondo iniciará a súa vixencia no ano 2015. A Xunta de Galicia participou na xuntanza da Comisión Interterritorial celebrada o 25 de novembro en Trujillo. A Xunta de Galicia participou no VII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación celebrado os días 8 e 9 de maio en Toledo o e nas xuntanzas dos grupos de traballo de CCAA celebradas Trujillo o 24 de novembro.
L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.	I.4.2.1. N° de alianzas de traballo multiactor con financiamento internacional con outros actores e axentes da Cooperación Galega establecidas. I.4.2.2. Como mínimo, un 30 % da axuda total desembolsada a través das convocatorias aos axentes de cooperación da DXRREE e UE financia proxectos en agrupación.	22. Alianzas de traballo establecidas. 23. Proxectos en agrupación financiados.	Establecéronse 2 alianzas de traballo multiactor, unha con Augas de Galicia e outra coa Fundación CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar). Financiáronse un total de 20 proxectos con anualidade 2014 presentados por agrupacións de entidades no marco das diversas convocatorias aos axentes de cooperación, o que representa un 30,97 % do total de axuda desembolsada para o financiamento de proxectos. Á marxe das convocatorias, dos 15 convenios asinados con anualidade 2014, dous foron presentados en agrupación, o que representa o 4,62 % de axuda desembolsada a través de convenios.

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA UN MAIOR ALCANCE DAS SÚAS ACTUACIÓNS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.	I.5.1.1. N° de persoas asistentes ao curso de capacitación en xestión orientada a resultados de desenvolvemento dirixido ao persoal da DXRREE e UE e ao resto de actores e axentes de cooperación realizado. I.5.1.2. N° de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento de capacidade da DXRREE e UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento.	24. Curso sobre xestión orientada a resultados de desenvolvemento celebrado. 25. Asistencias técnicas realizadas.	No ano 2014 non se teñen realizado cursos sobre esta temática. Contratáronse 5 asistencias técnicas especializadas, unha para a Acción Humanitaria e 4 para as avaliacións ex-ante e expost.
L.A.5.2. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.	I.5.2.1. 4 % da axuda total desembolsada centrada na consolidación e fortalecemento de axentes cunha atención específica á CGONGD e ao FOGACOSOL. I.5.2.2. N° de bolsas de formación de expertos/as, convenios coas universidades e convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD financiadas. I.5.2.3. N° de participantes nas actividades de formación do sector empresarial para mellorar a súa responsabilidade social empresarial en cooperación ao desenvolvemento e na investigación sobre o papel da empresa galega na cooperación para o desenvolvemento.	26. Proxectos de consolidación e fortalecemento de axentes financiados. 27. Convenios asinados anualmente coa CGONGD e co FOGACOSOL e convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD resoltas. 28. Bolsas de formación de expertos/as concedidas. 29. Estudo sobre as achegas das empresas galegas ao desenvolvemento nos países socios realizado. 30. Curso de formación en RSE no eido da cooperación ao desenvolvemento.	O 8 % da axuda desembolsada destinouse a actuacións de consolidación e fortalecemento de axentes. Asináronse dous convenios de colaboración, un coa CGONGD e outro co FOGACOSOL. Publicouse e resolveuse unha convocatoria de fortalecemento e consolidación de axentes de cooperación destinadas a ONGDS, a través da cal se financiaron 8 proxectos. Concedéronse 8 bolsas de formación de expertos/as en cooperación: 2 bolsas na sede da DX de RREE e coa UE e 6 bolsas no exterior (Ecuador, Perú, Nicaragua, Guatemala, República Dominicana e Mozambique) Asinouse un convenio coas tres Universidades Galegas para a conformación dunha Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. Publicouse e resolveuse unha convocatoria de investigación para proxectos dirixida ás Universidades Galegas, a través da cal se financiaron 5 proxectos.
L.A.5.3. Fortalecer a capacidade dos axentes galegos de cooperación para diversificar as súas fontes de financiamento.	I.5.3.1. N° de participantes en actividades de formación especializada en captación de fondos privados e públicos cunha atención especial ao financiamento europeo e internacional.	31. Formacións especializadas en captación de fondos realizadas.	Impartíronse dous cursos: un sobre diversificación de fondos en cooperación para o desenvolvemento, realizado nas 3 universidades galegas e outro sobre novas tendencias na captación de fondos para ONGD.

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA UN MAIOR ALCANCE DAS SÚAS ACTUACIÓNS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.4. Consolidar o investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.	I.5.4.1. Até o 70% do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos.	32. Bases das convocatorias publicadas.	Todas as convocatorias das diferentes materias (proxectos e microproxectos no exterior de ONGD e outros axentes; educación para o desenvolvemento; fortalecemento e consolidación de axentes; investigación) prevén o financiamento de ata un 70% de recursos humanos.



Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 6 A CIDADANÍA GALEGA ACCEDE A UNHA INFORMACIÓN DE CALIDADE SOBRE OS LOGROS COLECTIVOS DA COOPERACIÓN GALEGA NA LOITA CONTRA A POBREZA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.	I.6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da Cooperación Galega. I.6.1.2. N° de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da Cooperación Galega.	33. Páxina web da Cooperación Galega actualizada. 34. Informes anuais da Cooperación Galega difundidos.	A información da páxina web da Cooperación Galega encóntrase actualizada coas últimas accións levadas a cabo pola DXRREE e UE en materia de cooperación. Editáronse e distribuíronse dúas publicacións: o III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017, e o Informe do 2013. Ademais o persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior participou en varias actividades de difusión da Cooperación Galega tanto no ámbito autonómico como ámbito estatal.
L.A.6.2. Promover unha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe organizativa no sistema galego de cooperación.	I.6.2.1. Unha avaliación intermedia de seguimento e unha avaliación final externas e independentes da execución do III Plan director da Cooperación Galega realizadas e difundidas. I.6.2.2. N° de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas. I.6.2.3. N° de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de 3 países socios realizadas e difundidas.	35. Avaliación intermedia do III Plan director realizada. 36. Avaliación final do III Plan director realizada. 37. Convocatoria de investigación para o desenvolvemento resolta. 38. Avaliacións de proxectos no exterior realizadas.	Publicouse e resolveuse unha convocatoria de proxectos de investigación destinada ás Universidades Galegas, a través da que se financiaron 5 proxectos. Realizouse unha avaliación expost dos proxectos financiados pola Cooperación Galega en República Dominicana dende o ano 2007 ata o ano 2012.

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 7			
A COOPERACIÓN GALEGA MELLORA A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DAS ACTUACIÓNS EN EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.7.1. Definir un marco estratéxico de acción en educación e comunicación para o desenvolvemento.	I.7.1.1.Nº de axentes e actores participantes no deseño da estratexia da Cooperación Galega en educación e comunicación para o desenvolvemento.	39. Estratexia de Educación para o Desenvolvemento da Cooperación Galega deseñada de xeito participativo.	
L.A.7.2. Garantir a previsibilidade financeira das actividades de educación para o desenvolvemento.	I.7.2.1. Nº de convocatorias de educación para o desenvolvemento publicadas e resoltas.	40. Convocatorias de educación para o desenvolvemento resoltas.	Publicouse e resolveuse unha convocatoria de educación para o desenvolvemento. A través de dita convocatoria financiáronse 10 proxectos. Asegurouse o financiamento dos 17 proxectos bianuais aprobados na convocatoria de educación para o desenvolvemento do ano 2013. Ademais, no marco de educación para o desenvolvemento publicouse e resolveuse unha convocatoria de proxectos de investigación destinada ás Universidades Galegas. A través desta convocatoria financiáronse 5 proxectos.



4

Actuacións de cooperación no exterior

4.1 Convocatorias de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

No ano 2014 as convocatorias de axudas para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e doutros axentes foron anuais. A Orde que regulou estas convocatorias foi publicada no DOG do 30 de maio, sendo a súa dotación financeira de 1.680.000€ que se repartiron do seguinte modo:

- Convocatoria de axudas para proxectos no exterior de ONGD: 1.300.000€
- Convocatoria de axudas para proxectos no exterior doutros axentes: 300.000€
- Convocatoria de axudas para microproxectos no exterior de ONGD: 80.000€

Presentáronse un total de 53 proxectos (37 proxectos de ONGD, 12 proxectos doutros axentes e 4 microproxectos). A resolución das convocatorias foi publicada o 6 de agosto, resultaron aprobados 27 proxectos cunha subvención total de 1.644.595€ (1.644.595€ en 2014):

- 18 proxectos no exterior de ONGD: 1.297.202€ (en 2014)
- 6 proxectos no exterior doutros axentes: 347.393€ (en 2014)
- 1 microproxecto de ONGD: 15.429€ (en 2014)

A continuación se ofrece información dos proxectos aprobados ao amparo da citada convocatoria.



Proxectos no exterior de ONGD

01. Promoción do dereito á alimentación, soberanía alimentaria e gobernanza local, a través do fortalecemento das capacidades de campesiños e campesiñas nos municipios de San Lorenzo e Nacaome, departamento de Valle, Honduras

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de cooperación no exterior ONGD

Axente: Enxeñería sen Fronteiras

Código/s CRS: desenvolvemento agrario, educación/formación medioambiental e desenvolvemento rural

Socio local: Comité para la Defensa y Desarrollo de la Flora y Fauna

Zona de actuación: Golfo de Fonseca (departamento del Valle)

País: Honduras

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: a presente proposta pretende buscar complementariedade coas actividades que CODDEFFAGOLF e ESF Galicia veñen desenvolvendo na zona, no marco do proxecto «Fortalecemento da organización, alianzas e a produción agropecuaria de grupos campesiños para mellorar a seguridade alimentaria nos municipios de Nacaome e San Lorenzo, Honduras», que se esta a levar a cabo desde 2013 co financiamento da Unión Europea. Deste xeito, puideron identificarse accións complementarias para reforzar e crear sinerxías. Dunha banda, pretendese capacitar os membros de 10 asociacións de pequenos/as produtores/as na adopción de boas practicas organizativas, que permita mellorar o desempeño organizacional e a planificación, así como a promoción de novos liderados orientados ás mulleres e mozas/os. Así mesmo, impulsaranse eventos rexionais para promover a gobernanza en temas transcendentais para a soberanía alimentaria, como son o acceso a terra e recursos produtivos, e as consecuencias da expansión de actividades como a minería,

as Zonas Económicas de Desenvolvemento (ZEDE), etc.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: mellorada a soberanía alimentaria e o acceso o dereito de alimentación das poboacións en situación de vulnerabilidade do sur de Honduras.

Obxectivo específico: promovido o dereito a alimentación, soberanía alimentaria e gobernanza local a través do fortalecemento das capacidades de campesiños e campesiñas nos municipios de San Lorenzo e Nacaome, departamento de Valle, Honduras.

Poboación beneficiaria:

Directa: a poboación beneficiaria directa do proxecto esta integrada por 100 familias que forman parte de 10 estruturas organizativas de agricultores e agricultoras nos municipios de San Lorenzo e Nacaome; A alcaldía de San Lorenzo; A alcaldía de Nacaome; Socio local CODDEFFAGOLF; Poboación asistente aos encontros que promoven a soberanía Alimentaria; Poboación asistente as charlas de sensibilización en Galicia.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta do proxecto conformarana o total dos habitantes dos municipios de San Lorenzo e Nacaome, xa que as accións executadas repercutiran na diminución da contaminación do medio ambiente, e no acceso a alimentos mais diversificados e saudables nos mercados locais.

Axuda Xunta de Galicia: 69.831 € (2014)

02. Fortalecemento das capacidades locais e da participación comunitaria para mellorar o acceso ao dereito a auga potable e saneamento a través da xestión integrada do recurso hídrico, nos 7 municipios da mancomunidade NASMAR, Honduras

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de cooperación no exterior ONGD

Axente: Asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia, agrupada coa Universidade da Coruña, Laboratorio de Enxeñería Cartográfica CARTOLAB

Código/s CRS: política de recursos hídricos e xestión administrativa

Obxectivo xeral: mellorar a supervivencia, desenvolvemento e protección da infancia, con especial incidencia sobre as cuestións que afectan ás adolescentes, na rexión de Maradi.

Obxectivo específico: Conseguir a adopción de prácticas e normas sociais adecuadas en materia de protección e educación das adolescentes e de supervivencia da infancia nun proceso liderado e xestionado pola comunidade, especialmente polas adolescentes, en 63 pobos da comuna de Sarkin Yamma na rexión de Maradi.

Poboación beneficiaria:

Directa: o proxecto vai dirixido principalmente a 1.260 mozos adolescentes dos 63 pobos da comuna de Sarkin Yamma no departamento de Madarounfa na rexión de Maradi, Níxer. 5.142 fogares serán receptores das campañas de sensibilización e mobilización social, así como das actividades en materia de promoción de cambios de comportamento en materia de supervivencia da infancia, protección e educación das nenas. 130 líderes comunitarios, 204 axentes comunitarios, 2 supervisores, 4 animadores e animadoras e 1 punto focal implementarán as accións previstas na presente proposta, xunto coas adolescentes participantes.

Indirecta: non hai información.

Axuda Xunta de Galicia: 70.000€ (2014)

18. Formación e Empoderamento de mulleres populares para A Construción de novas cidadanías en Perú

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de cooperación no exterior ONGD

Axente: Fundación OXFAM INTERMON

Código/s CRS: muller e desenvolvemento

Socio local: CEDAL Centro de Derechos y Desarrollo

Zona de actuación: Lima Callao, Arequipa, Puno, Cajamarca, San Martín, Junín e Piura

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: a presente proposta responde a unha parte dun proxecto de maior envergadura, que ten como financiador á Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento, onde a Xunta de Galicia asume parte do financiamento. Trátase dun proxecto de ámbito nacional e rexional, onde se traballará con mulleres de Lima, de zonas urbano populares, pero tamén das rexións de Piura, provincia de Sullana, de Junín das provincias de Jauja, Concepción e Tarma; da provincia de Xaén e de Cajamarca na rexión Cajamarca; da provincia de Tarapoto na Rexión San Martín. Son mulleres líderes de organizacións sociais como CONAMOVIDI, SINTRAHOGARP e Coordinadora Metropolitana do Vaso de Leite. Esta proposta ten unha alianza estratéxica que vén de propostas anteriores onde as organizacións de base xeraron un espazo de alianza con organizacións feministas con longa traxectoria de traballo en Perú como son FLORA, Manuela e CEDAL. O seu ámbito de traballo é reivindicar os dereitos para as mulleres no seu máis amplo sentido.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír a que as mulleres populares en Perú exerzan plenamente todos os seus dereitos a partir das súas identidades diversas.

Obxectivo específico: mulleres populares de identidades diversas organizadas e empoderadas politicamente en Perú para a esixibilidade dos seus dereitos a nivel nacional e rexional.

Poboación beneficiaria:

Directa: mulleres Diversas con diferentes problemáticas das mulleres populares, novas e adultas, en contextos urbanos e rurais, asociados a condicións precarias de vida, e ás súas loitas contra a pobreza, a violencia, e por unha vida digna. Ao referirse á diversidade, están a considerarse as diferenzas existentes entre as mulleres, tendo en conta categorías étnicas, territoriais, xeracionais e de orientación sexual.

Indirecta: non hai información.

Axuda Xunta de Galicia: 70.000€ (2014)



Proxectos no exterior doutros axentes

01. Fortalecementos das capacidades técnicas da administración rexional responsable do recurso hídrico «ARA-Norte» no ámbito dos Sistemas de Información Xeográfica e da Hidroxeoloxía. FASE II (Mozambique)

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de cooperación no exterior outros axentes

Axente: ICARTO – Innovación, Cooperación, Cartografía e Territorio SL

Código/s CRS: política de recursos hídricos e xestión administrativa

Socio local: Administração Regional de Águas do Norte

Zona de actuación: Provincia de Cabo Delgado

País: Mozambique

Rexión: África

Descrición: este proxecto constitúe a continuación, a fase II, do proxecto financiado pola Xunta de Galicia na convocatoria 2012 denominado «Fortalecemento das capacidades técnicas da administración rexional responsable do recurso hídrico «ARA-Norte» no ámbito dos Sistemas de Información Xeográfica e da Hidroxeoloxía» en Mozambique (SIXHIARA). Nesta fase II preténdese dar continuidade o traballo realizado para empoderar o ARA-Norte das ferramentas e os estudos realizados na fase I. Farase fincapé nas formacións tanto prácticas como teóricas nas que se profundizarán na temática de interese estratéxica para o ARA-Norte.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: mellorada a xestión do recurso hídrico na provincia de Cabo Delgado, aumentando a calidade e a cobertura do servizo de abastecemento e saneamento da poboación.

Obxectivo específico: fortalecidas as capacidades técnicas da administración rexional

responsable do recurso hídrico: ARA-Norte no ámbito dos SIX e da hidroxeoloxía.

Poboación beneficiaria:

Directa: Considérase a ARA-Norte a beneficiaria directa do proxecto, centrado no aumento de capacidades dos seus integrantes, xunto con FIPAG (Fundo de Investimento e Patrimonio do Abastecemento de Auga) xa que como entidade pública autónoma responsable da dotación do servizo na cidade de Pemba terá un forte interese na actualización da diagnose do estado do acuífero que está a explotar.

Indirecta: a poboación beneficiaria indirecta do proxecto son os habitantes da cidade de Pemba xa que verán mellorada a xestión do suministro de auga da súa cidade e por tanto melloraran a medio prazo o acceso o recurso hídrico. (Total de 1.788.415 habitantes: 882.491 homes e 914.844 mulleres e nenas).

Axuda Xunta de Galicia: 50.959€ (2014)

02. Desenvolvemento de capacidades técnicas con boas prácticas produtivas e de comercialización con enfoque de xénero e medio ambiente en pescadores mariscadores e as súas familias do litoral de Sechura (Piura, Perú)

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de cooperación no exterior outros axentes

Axente: ANFACO agrupada con ESCAES PERÚ

Código/s CRS: desenvolvemento pesqueiro

Socio local: ONG Escuela Campesina de Educación y Salud – ESCAES

Zona de actuación: Litoral de Sechura (Piura)

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: o presente proxecto propón profundar, consolidar e ampliar os resultados obtidos durante o tempo de intervención na zona por parte da contraparte local. Exponse traballar cos pescadores mariscadores e as súas familias na elaboración e implantación de estratexias integrais que os leven desde a mellora de procesos produtivos ata a comercialización, que iso se volva sustentable e que lles permita o desenvolvemento da súa competitividade.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fortalecer as capacidades técnico-productivas dos pescadores mariscadores e as súas familias, con equidade de xénero, intensificando a actividade de diversificación e comercialización acuícola, garantindo a sustentabilidade dos recursos pesqueiros con boas prácticas produtivas e coidado do medio ambiente.

Obxectivo específico: contribuír ao desenvolvemento de capacidades técnico-productivas dos pescadores mariscadores con cualificación técnica, á diversificación de cultivos con boas prácticas sanitarias, coidado do medio ambiente e da prevención de riscos.

Poboación beneficiaria:

Directa: total 3.060 beneficiarios/as directos: 540 pescadores-maricultores organizados en 18 Asociacións e as súas familias (aproximadamente 2.430 persoas); Os comités de desenvolvemento comunal, AMAPAFAS (Asociacións de Nais e Pais de Familia) e CONEIs (Consellos Educativos Institucionais) das Institucións Educativas; 11 Institucións Educativas dos niveis inicial, primaria e secundaria: cun estimado de 1.548 alumnos e 46 profesores; 36 promotores que se encargan do monitoreo da Rede Ambiental, 10 líderes e 10 autoridades da comunidade.

Indirecta: poboación total das 5 caletas, aproximadamente 9.536 persoas adicionais, e poboación do distrito de Sechura, aproximadamente 21.500 persoas. Total: 31.036 persoas.

Axuda Xunta de Galicia: 75.671 € (2014)

03. Desenvolvemento turístico da Cidade de Pemba, Mozambique

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de cooperación no exterior outros axentes

Axente: Rural Consulting S.L.

Código/s CRS: política turística e xestión administrativa

Socio local: DFJ-Consultoria de desenvolvemento Local

Zona de actuación: Pemba, Cabo Delgado

País: Mozambique

Rexión: África

Descrición: o proxecto incidirá na consecución dos seguintes obxectivos específicos: 1 mellorar a visibilidade da poboación, provendo as institucións e establecementos hostaleiros de materiais como mapas e roteiros. 2 mellorar a formación práctica como guías turísticos, dos alumnos que xa remataron os seus estudos na UCM e 3 mellorar a cualificación das mulleres que se dedican a confección de souvenirs téxtis con telas tradicionais (capulanas). Todo elo farase en colaboración coa empresa mozambicana DFJ-Consultoria de Desenvolvemento Local e co apoio de Universidade Católica de Moambique e o Conselho Municipal.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: aumentados os ingresos da poboación local, grazas a actividades turísticas.

Obxectivo específico 1: acrecentada a dispoñibilidade de información para os turistas que visita a cidade de Pemba.

Obxectivo específico 2: mellorado o nivel de cualificación de xoves con formación académica en turismo, para acceder a postos de traballo de guía turístico.

Obxectivo específico 3: mellorada a calidade do traballo de confección de produtos turísticos (souvenirs) realizados con capulana.

Poboación beneficiaria:

Directa: 71 persoas en total: 17 homes e 54 mulleres.

Indirecta: 141.316 habitantes.

Axuda Xunta de Galicia: 26.273 € (2014)



04. Ampliación das oportunidades de reinserción social de adolescentes que cumpren medidas xudiciais en Perú

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de cooperación no exterior outros axentes

Axente: Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Psicoloxía-Departamento de Psicoloxía Clínica Psicobioloxía)

Código/s CRS: dereitos humanos

Socio local: COMETA-Compromiso desde la Infancia y Adolescencia

Zona de actuación: Lima, Huancayo (Junín), Pucallpa (Ucayali), Trujillo (A Libertade)

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: o presente proxecto de investigación expónse no marco do convenio de colaboración que UDIPRE: Unidade de investigación en prevención e tratamento de problemas de Conduta da Universidade de Santiago e a fundación COMETA: Compromiso desde a infancia e a Adolescencia en Perú teñen subscrito desde o ano 2011. Xorde co fin de incrementar as oportunidades de reinserción social de adolescentes que cumpren medidas xudiciais no Perú, no marco do novo Plan Nacional para a Prevención e Tratamento do Adolescente en conflito coa Lei Penal 2013-2018 (PNAPTA) elaborado pola Dirección de Política Criminal do Ministerio de Xustiza peruano. Nun momento no que se está potenciando, desde a administración de xustiza, unha política de prevención e tratamento da delincuencia xuvenil, é necesario a formación dos profesionais no ámbito da xustiza de menores, na avaliación e o deseño das intervencións eficaces e dispoñer de tecnoloxía e instrumentos de avaliación validados para a avaliación e a xestión de intervencións e políticas públicas no ámbito do sistema de xustiza xuvenil.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: favorecer a inclusión social de adolescentes homes e mulleres que cumpren medidas xudiciais nos centros xuvenís de reforma de medio aberto e pechado en Perú.

Obxectivo específico: elevar as oportunidades de reinserción social de adolescentes infractores que cumpren medidas xudiciais en Perú.

Poboación beneficiaria:

Directa: mozos que teñen un perfil de idade que oscila entre os 14 e 17 anos, provenientes de familias desestructuradas e migrantes de sectores periféricos das cidades e atópanse en risco constante pola situación de pobreza na que viven. (1004 homes; 46 mulleres). Ademais dos profesionais que traballen cos adolescentes. A distribución é a seguinte: Lima: 50 persoas, Junín: 30 persoas, A Libertade: 20 persoas e Ucayali: 10 persoas.

Indirecta: poboación beneficiaria indirectas son as familias, xa que se verán beneficiadas da mellora da situación dos mozos. Un total de 5.250 persoas (2.625 homes e 2.625 mulleres).

Axuda Xunta de Galicia: 69.999 € (2014)

05. Ecuador, Territorio Intelixente: consolidación de Innovación, Desenvolvemento, Investigación e Transferencia (I+D+i+T) en Ordenación do Territorio e Tecnoloxías da información Geospacial-FASE II (ECUIDiT-FASE II)

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de cooperación no exterior outros axentes

Axente: Universidade de Santiago de Compostela (Escola Politécnica Superior-Campus de Lugo) agrupada coa Universidade de A Coruña (CartoLAB-Laboratorio de Enxeñería Cartográfica)

Código/s CRS: educación universitaria

Socio local: Universidad del Azuay (UDA). Instituto de Estudios de Régimen Seccional del Ecuador (IERSE)

Zona de actuación: Distintas zonas de Ecuador

País: Ecuador

Rexión: América do Sur

Descrición: durante os anos 2012 e 2013 desenvolveuse a fase I do proxecto ECUIDiT. Co financiamento da Xunta de Galicia levaron a cabo accións que incluíron un programa de estancias de L/P en Galicia para estudantes ecuatorianos de materias de planificación e xestión territorial, así como a creación en Ecuador da Rede de Investigación en Xestión do Territorio e Información Xeo-espacial (RIGTIG). A RIGTIG naceu para dar resposta á «necesidade de que as Institucións de Ensino Superior (IES) do país unan esforzos e organicense para realizar accións que permitan a integración do desenvolvemento científico e académico». Nela participan 6 universidades ecuatorianas con traxectoria recoñecida no ámbito da Ordenación do Territorio. A RIGTIG aínda non é capaz de atender con medios propios a continuidade das accións de mellora da docencia e investigación desenvolvidas durante a fase I do proxecto ECUIDiT. De igual maneira, a RIGTIG demanda unha estrutura de xestión máis forte xa que ata agora funcionou

facendo uso das tecnoloxías (vídeo –conferencia) e dunha alta dose de voluntarismo.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao desenvolvemento do Sistema de Educación Superior do Ecuador.

Obxectivo específico: consolidación da Rede de Investigación en Xestión do Territorio e Información Xeo-espacial (RIGTIG).

Poboación beneficiaria:

Directa: Considerará beneficiarias directas ás seis (6) universidades ecuatorianas da RIGTIG: Universidade Nacional de Loja (UNL); Escola Politécnica Superior do Litoral (ESPOL); Escola Politécnica do Exército (ESPE); Universidade Técnica Particular de Loja (UTPL); Universidade de Conca (UC); Universidade do Azuay (UDA) –contraparte-. Afectará de maneira directa as seguintes persoas: os dous (2) docentes/investigadores ecuatorianos beneficiarios do programa de bolsas de L/P na USC; Os catro (4) docentes galegos participantes no programa de estancias de C/P en Ecuador; Os asistentes ao programa de «Complementos de Formación» en Ecuador que habilitan aos estudantes ecuatorianos para poder cursar o Programa de Doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e o Territorio na USC. (10-15 persoas aproximadamente); Os membros dos equipos de investigación das universidades da RIGTIG implicados na preparación de propostas de investigación científica e innovación tecnolóxica (6-8 persoas aproximadamente); A persoa (1) que asuma as tarefas de secretariado da RIGTIG.

Indirecta: de maneira máis indirecta e imprecisa beneficiará ás seguintes persoas: o resto dos membros dos equipos de investigación das universidades da RIGTIG; As estudantes de materias relacionadas coa planificación e a OT das universidades da RIGTIG; Os funcionarios públicos da SENESCYT e da SENPLADES que participen dalgunhas das accións desenvolvidas polo proxecto.

Axuda Xunta de Galicia: 99.379 € (2014)

06. Programa de formación e innovación educativa para estudos de posgrao en agricultura e medio ambiente en Centroamérica

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de cooperación no exterior outros axentes

Axente: Universidade de Santiago de Compostela (Escola Politécnica Superior-Campus de Lugo)

Código/s CRS: formación de profesores, formación superior técnica e de dirección, ensino/formación agraria e investigación agraria

Socio local: Universidad de San Carlos (Guatemala)-USAC

Zona de actuación: non hai información

País: Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: a iniciativa baséase nunha análise realizada en colaboracións anteriores. Estas análises poñen de manifesto a necesidade de formación técnica cualificada para poder achegar avances innovativos no sector agrícola. Estes avances supoñerían unha mellora da calidade de vida na rexión. As actividades enmárcanse nun programa de colaboración entre a USC e a USAC (Universidade de San Carlos (Guatemala) a longo prazo, que comezou en 2008. Entre os principais froitos alcanzados é o programa de doutoramento conxunto entre ambas as institucións. As actividades do proxecto fundaméntanse en accións de colaboración académica cuxos resultados esperables son a mellora da formación de estudantes de posgrao e o fortalecemento de estruturas de formación e investigación.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fortalecer as unidades de formación de persoal especializado en temas agrícolas e medioambientais.

Obxectivo específico 1: fortalecemento de estudos de Posgrao en temas relacionados coa agricultura e medio ambiente.

Obxectivo específico 2: apoio á formación de estudantes de Posgrao de Agricultura en Centroamérica.

Obxectivo específico 3: Creación dun espazo para a análise e discusión de temas relacionados co desenvolvemento rural e medioambiente en Centroamérica.

Poboación beneficiaria:

Directa: a participación directa do proxecto é de 40 persoas, os cales son estudantes e profesores da USC e universidades de Centroamérica. Desas 40 persoas seleccionárase un total de 10, as cales realizarán un mobilidade a España ou Guatemala. Seleccionárase 5 estudantes de posgrao e 5 profesores, da Universidade de San Carlos e da Universidade de Santiago. Na selección terase en conta o CV e a experiencia en proxectos de cooperación. Manterase os principios de igualdade de xénero. Reserváranse 3 prazas para poboación indíxena.

Indirecta: non hai información.

Axuda Xunta de Galicia: 25.112€ (2014)



Microproxectos de ONGD

01. Proxecto integral de educación infantil en Varela (Guinea Bissau)

Instrumento de financiamento: convocatoria de microproxectos ONGD

Axente: Miradas al Mundo

Código/s CRS: educación primeira infantil

Socio local: ECAS_D Estrutura Comunitaria de Animación e Sensibilización para o Desenvolvemento

Zona de actuación: Rexión de Varela

País: Guinea Bissau

Rexión: África

Descrición: o proxecto de educación que se quere desenvolver enmárcase dentro das prioridades do documento de estratexia nacional para a redución da pobreza (DENARP), elaborado polo actual goberno de Guinea-Bissau. Os motivos principais da construción do xardín de infancia son os seguintes: ensinar ós nenos/as os idiomas: crioulo-bissauguineano e portugués, para que teñan un nivel mellor na linguaxe cando empecen os estudos de primaria. Se os nenos recoñecen as letras e xa usan unha lingua común, e non a lingua da súa etnia conseguírase reducir notablemente o fracaso escolar; Para que as nenas non teñan que facer o labor de coidar os seus irmáns pequenos, e poidan asistir á escola e así evitar o abandono escolar das rapazas de 11 a 14 anos; Para poder facer un control médico e nutricional dos nenos/as. Tamén para poder darlles de comer papillas e así evitar a severa desnutrición.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á mellora das condicións de vida dos habitantes vulnerables da rexión de Varela.

Obxectivo específico 1: escolarizar os nenos e nenas de 3 a 6 anos.

Obxectivo específico 2: dar de comer a diario ós nenos e nenas de 3 a 6 anos.

Obxectivo específico 3: mellorar os hábitos de alimentación e hixiene nas persoas vulnerables da comunidade de Varela.

Obxectivo específico 4: as nenas de 3 a 6 anos non faltan a clase por ter que coidar os seus irmáns.

Obxectivo específico 5: as nais e pais refuxiados de Senegal dispoñan de capacidade para traballar e poder comer.

Poboación beneficiaria:

Directa: 112 nenos de entre 3 a 6 anos; e 98 nenas de entre 3 a 6 anos.

Indirecta: nenas de 8 a 12 anos (pois poden asistir á clase en lugar de coidar dos seus irmáns pequenos) e pais e nais refuxiados de Senegal; familias da comunidade de Varela, (en especial: as mulleres embarazadas e nenos/as menores de 3 anos pois os seus hábitos de hixiene e nutrición van mellorar).

Axuda Xunta de Galicia: 15.429,21 € (2014)



4.2 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior

4.2.1 Convenios de colaboración do ano 2014

No ano 2014 asináronse dous convenios de colaboración co CETMAR para o financiamento dos seguintes proxectos:

01. Proxecto de desenvolvemento da acuicultura rural como estratexia de loita contra a pobreza e a seguridade alimentaria no distrito de Mueda, Cabo Delgado (Mozambique)

Instrumento de financiamento: convenio

Axente: Fundación CETMAR

Código CRS: desenvolvemento pesqueiro e educación, formación pesqueira

Socio local: Instituto Nacional de Desenvolvemento de Aquacultura (INAQUA)/Instituto Nacional de Investigación Pesqueira (IIP)

País: Mozambique

Rexión: África

Descrición: o proxecto foi identificado a partir da colaboración existente entre as Institucións de xestión e investigación pesqueira e acuícola de Mozambique e a Fundación CETMAR. Sendo o IIP e o INAQUA dúas institucións fundamentais no desenvolvemento sectorial sostible, se diseña un proxecto con dous compoñentes diferenciados pero que buscan promover a cooperación interinstitucional a nivel nacional e internacional cun mesmo obxectivo de loita contra a pobreza e seguridade alimentaria no sector pesqueiro – acuícola. Plantéxanse así dúas áreas de traballo diferentes (acuicultura rural e investigación mariña) si ben considerase a súa integración nun mesmo proxecto en aras de xerar sinerxías e promover a identificación de espazos conxuntos de colaboración no marco do desenvolvemento acuícola, tal e como se ven realizado nas iniciativas levadas a

cabo no pasado, e como se especifica na estratexia de desenvolvemento sectorial.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao desenvolvemento sostible do sector da pesca e a acuicultura rural como actividade xeradora de ingresos económicos e fontes de alimentación para a poboación da provincia de Cabo Delgado.

Obxectivo específico: desenvolver a acuicultura rural como estratexia de loita contra a pobreza e a seguridade alimentaria.

Subvención da Xunta de Galicia: 121.000€ (2014)

02. Proxecto de mellora da transformación e comercialización de produtos pesqueiros realizadas por mulleres de comunidades dedicadas á pesca e acuicultura en Nicaragua

Instrumento de financiamento: acordo de coordinación

Axente: Fundación CETMAR

Código CRS: desenvolvemento pesqueiro e educación, formación pesqueira

Socio local: Universidad Nacional Autónoma de Nicaragua (UNAN-León)/INPESCA/FAO

País: Nicaragua

Rexión: América Central

Descrición: este acordo de coordinación derivase do esforzo dos actores galegos na obtención de fondos europeos en materia de cooperación para o desenvolvemento, aspecto fomentado no III Plan director da Cooperación Galega. A Comisión Europea no marco da Convocatoria de Axentes non Estatais e Autoridades Locais para o Desenvolvemento en Nicaragua, aprobou un financiamento de 400.111 € (2014-2016) para o desenvolvemento deste proxecto que ten como obxectivo contribuír a aumentar a participación social das pescadoras e vendedoras de pescado procedente da pesca artesanal e da acuicultura rural a pequena escala, reforzando as súas capacidades profesionais para o procesamento e a comercialización e incrementando os seus ingresos económicos.

Como en todo proxecto europeo, é preciso un cofinanciamento de, polo menos, o 25 % da cantidade aprobada (125.000 €), cofinanciamento que asume a DXRREE e UE que se fai efectivo a través do presente acordo de coordinación.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao empoderamento e á participación no diálogo social das pescadoras e vendedoras de pescado procedente da pesca artesanal e da acuicultura rural a pequena escala.

Obxectivo específico 1: aumentar a participación social das procesadoras e vendedoras de pescado procedente da pesca artesanal e acuicultura rural.

Obxectivo específico 2: reforzar as capacidades profesionais das mulleres do sector da pesca e acuicultura rural a pequena escala no procesamento e comercialización.

Obxectivo específico 3: incrementar os ingresos económicos das mulleres.

Subvención da Xunta de Galicia: 125.000 € (2014: 28.668 €; 2015: 34.332 €; 2016: 62.000 €)



4.2.2 Convenios de colaboración de anos anteriores

Mantivéronse os compromisos asumidos en anos anteriores, tal e como é o caso dos convenios de colaboración asinados en 2013 con CETMAR e en 2012 con Augas de Galicia para o financiamento dos seguintes proxectos:

01. Formación profesional e desenvolvemento produtivo sostible da pesca de pequena escala en Centroamérica. PROFOPAC IV

Ano: 2013

Instrumento de financiamento: convenio

Axente: Fundación CETMAR

Rexión: Centroamérica e Caribe

Subvención da Xunta de Galicia: 180.000€ (2013: 60.000€; 2014: 120.000€)

02. Parcería para o apoio técnico á consolidación da Administración rexional de Augas do Norte (Ara Norte). Mozambique

Ano: 2012

Instrumento de financiamento: convenio

Axente: Augas de Galicia

Rexión: Mozambique

Subvención da Xunta de Galicia: 138.000€ (2012: 50.000€; 2013: 50.000€; 2014: 38.000€)

4.3 Actuacións doutras consellerías

Ademais das actuacións da DXRREE e UE previstas no Plan anual 2014, ao longo do ano 2014 outros departamentos da Xunta de Galicia realizaron actuacións de cooperación para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos, e que non estaban previstas no citado Plan. Pódense destacar as seguintes:

A [Consellería de Sanidade](#), que asinou dous convenios de colaboración, un coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí para a prestación de asistencia sanitaria a menores participantes no programa «Vacacións en paz 2014», cun gasto cuantificado de 220.441 €, e outro coa Fundación Tierra de Hombres para o desenvolvemento do proxecto «Viaje hacia la vida», cun gasto cuantificado de 36.830 €, o que supón un importe total de 257.271 €.

A [Consellería do Medio Rural e do Mar](#), que realizou, a través do CETMAR, colaboracións técnicas e cursos de formación para o reforzo de capacidades en pesca e acuicultura en Mozambique, cuxo custe se cuantifica nun total de 22.060 €.

Ademais, hai que destacar que a través do concurso a diferentes convocatorias da UE acadouse financiamento comunitario para tres proxectos dos que o CETMAR é organismo executor: o citado anteriormente de Nicaragua, cunha subvención para tres anos de 411.000 € (dos que 170.085 € corresponden ao ano 2014), outro para Santo Tomé e Príncipe, cunha subvención para tres anos de 347.145 € (dos que 130.133 € corresponden ao ano 2014), e máis recentemente un terceiro para Senegal, Costa de Marfil, Ghana, Nixeria e Camerún, cunha subvención para tres anos de 1.892.900 € (dos que 675.765 € corresponden ao ano 2014).

Cabe mencionar igualmente o proxecto executado por [Augas de Galicia](#) en Cabo Delgado (Mozambique) desde o 2012, que tamén conta cun financiamento comunitario de case 400.000 € en 3 anos.



5

Axuda humanitaria e de emerxencia

No ano 2014, dando cumprimento aos obxectivos e indicadores que o III Plan director da Cooperación Galega establece neste ámbito, dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE traballouse co fin de realizar unha acción humanitaria integral e de calidade, mellorando a calidade e o carácter integral da mesma a través dunha acción máis estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación e, ao mesmo tempo, dando continuidade ao traballo con organizacións multilaterais e/ou especializadas en Acción Humanitaria, contribuíndo ao cumprimento da L.A. 3.2.

A axuda da Xunta de Galicia no ámbito da acción humanitaria que foi xestionada a través da DXRREE e coa UE no 2014 ascendeu a 605.950€ o que representa o 18% do orzamento operativo da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, seis puntos máis do executado no período de vixencia do II Plan director 2010-2013 e do establecido como meta no III Plan director 2014-2017.

Os instrumentos utilizados para o financiamento de actuacións humanitarias e de emerxencia foron os seguintes:

- Convocatoria aberta e permanente para proxectos de acción humanitaria
- Convenios de colaboración con entidades especializadas en acción humanitaria

5.I Convocatoria aberta e permanente para proxectos de acción humanitaria

A través da Orde do 22 de abril de 2014, publicada no DOG do 30 de abril, pola que se aprobaban as bases para a concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, foron aprobados os seguintes 5 proxectos que consumiron a dotación orzamentaria inicial de 300.000€:

01. Fortalecemento da resiliencia de nenos e nenas desprazados e das comunidades de acollida, a través do incremento e mellora do acceso e participación nunha educación de calidade e de actividades de redución do risco de conflito en Sudán do Sur

Axente: Plan Internacional España

Código CRS: apoio VARD (Vinculación entre axuda, rehabilitación e desenvolvemento)

Socio local: Plan Internacional Sudán do Sur

Zona de actuación: Awerial, Lagos

País: Sudán do Sur

Rexión: África Subsahariana

Descrición: Sudán do Sur é o país de máis recente creación e un dos países máis pobres e menos desenvolvido do mundo. Está afectado por continuas crises o que xerou enormes necesidades humanitarias. A maior parte da poboación ten grandes dificultades para cubrir as súas necesidades básicas. A inseguridade alimentaria é unha das grandes preocupacións do país, afectando á metade da poboación, a malnutrición é crónica na maioría das rexións. A situación de violencia e desprazamento que sofre o país agravou a difícil situación educativa xa existente con baixos niveis de matriculación, limitada participación de nenas nas escolas e infraestruturas deficientes. A crise creou un desafío para o estado: facer fronte ás novas necesidades educativas e impedir que esta xeración de nenas/os perdan o ano escolar e oportunidades no futuro.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fortalecemento da resiliencia de nenos e nenas desprazadas e das comunidades de acollida, a través do incremento e mellora do acceso e participación nunha educación de calidade e actividades de redución do risco de conflito.

Obxectivo específico: os nenos e nenas desprazados pola violencia en Sudán do Sur teñen acceso a unha educación e aprendizaxe de calidade a través da provisión de infraestruturas e fortalecemento das capacidades dos axentes educativos.

Poboación beneficiaria:

Directa: 848 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 70.000€

02. Prevención da violencia sexual, mellora da atención médica e psicolóxica das vítimas e reforzo do sistema de saúde en Nord Kivu, República Democrática do Congo

Axente: Farmacéuticos Mundi

Código CRS: atención sanitaria básica

Socio local: Femmes Engagées pour la Promotion de la Santé Integrale (FEPSI)

Zona de actuación: Nord Kivu

País: República Democrática do Congo (RDC)

Rexión: África Subsahariana

Descrición: a crise estrutural que padece a poboación de Nord Kivu relaciónase co impacto desigual que supón sobre mulleres e nenas a inestabilidade político-militar, a falta de resolución das institucións no Leste do país, o deterioro das condicións de vida e a desestruturación social, xa que a cotidianidade das persoas e o funcionamento das institucións e servizos básicos subordínase á evolución dos niveis de violencia e inseguridade na zona. Esta situación vese agravada sistematicamente pola aparición de novas emerxencias que causan periodicamente novos deterioros das condicións de vida da poboación, especialmente, das persoas en situación de maior vulnerabilidade. Cabe destacar que unha das principais problemáticas relacionadas coa crise humanitaria é a naturalización e xeración de tódalas formas de violencia contras as mulleres, vulnerando de xeito sistemático os Dereitos Humanos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á mellora da resolución do sistema de saúde na República Democrática do Congo, con equidade de xénero e priorizando a poboación máis vulnerable.

Obxectivo específico: contribuír á consolidación dunha estratexia para a superación de todas as formas de violencia contra a muller e a atención integral ás vítimas de violencia sexual (VVS) en sete Zonas de Saúde da rede ministerial da provincia Nord Kivu (RDC).

Poboación beneficiaria:

Directa: 6.260 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 48. 991 €

03. Aumento do tratamento integrado para a desnutrición aguda e a prevención da desnutrición no sur de Malí

Axente: UNICEF Comité Galicia

Código CRS: axuda alimentaria de emerxencia

Socio local: UNICEF Malí

Zona de actuación: Bamako, Kayes, Koulikoro, Mopti, Ségou e Sikasso

País: República de Malí

Rexión: África Subsahariana

Descrición: a crise á que se está enfrontando a República de Malí é multidimensional e interconectada. De modo que, ás xa preexistentes falta de seguridade alimentaria e déficits na produción, sumouse o agravamento da desnutrición e o conflito armado que sufriu o país (fundamentalmente o norte) desde xaneiro de 2012. Case medio millón de persoas tiveron que desprazarse, dentro ou fóra do país. A inseguridade nas rexións do norte limitou seriamente o acceso á atención sanitaria, tratamento da desnutrición, protección e educación da infancia e outros servizos sociais básicos. A situación actual no norte do país tamén limitou de maneira significativa a asistencia humanitaria, habendo así moitos nenas e nenos expostos a un alto grao de risco de violencia. A situación nutricional do país é crítica (taxas de mortalidade infantil inaceptables, desnutrición crónica inseguridade alimentaria...).

Obxectivos:

Obxectivo xeral: mellorar a situación da poboación vulnerable afectada pola crise humanitaria no sur de Malí mediante o fortalecemento e a ampliación das intervencións para a prevención e o tratamento da desnutrición infantil e materna.

Obxectivo específico: Reducir a mortalidade e a morbilidad infantil relacionadas coa desnutrición aguda e crónica nas rexións seleccionadas do Sur de Malí, xeradas pola situación de emerxencia na que o país se atopa inmerso.

Poboación beneficiaria:

Directa: 258.120 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 50.000 €

04. Programa de rehabilitación psico-social para poboación refuxiada en Maban, Sudán do Sur

Axente: Fundación Entreculturas Fé y Alegría

Código CRS: apoio ao enfoque VARD (Vinculación entre axuda, rehabilitación e desenvolvemento)

Socio local: Servizo Jesuíta al Refugiado

Zona de actuación: Maban

País: Sudán do Sur

Rexión: África Subsahariana

Descrición: a rexión de Maban estivo golpeada polos combates durante a guerra de independencia e segue sufrindo as consecuencias do conflito. Os combates produciron un gran número de vítimas civís e o desprazamento de miles de persoas alén da fronteira. O estado Upper Nile está a ser afectado polo conflito interno que estalou en decembro deixando máis de 900.000 persoas desprazadas forzosamente e case 250.000 refuxiadas en países veciños. As condicións de vida nos campos son precarias por escaseza de infraestruturas e servizos; por inundacións; falta de alimentos, auga potable, medicamentos, condicións hixiénicas salubres; e a elas súmanse problemáticas psico-sociais provocadas polo trauma da guerra, o desprazamento, e a separación e a perda violenta de familiares. Non existen servizos/organizacións que axuden á poboación para recuperarse dos traumas sufridos, por isto, a integridade psico-física da poboación está en risco.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á convivencia pacífica e ao benestar comunitario da poboación refuxiada en Maban.

Obxectivo específico: polo menos 350 refuxiados/as (170 homes e 180 mulleres) do campo de Doro en Maban melloran as súas condicións psico-sociais.

Poboación beneficiaria:

Directa: 350 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 68.288€

05. Asistencia humanitaria a comunidades afrocolombianas afectadas por inundacións e polo conflito armado na zona fluvial de Buenaventura, Colombia

Axente: Solidariedade Internacional Galicia

Código CRS: apoio ao enfoque VARD (Vinculación entre axuda, rehabilitación e desenvolvemento)

Socio local: Fundación Alianza por los Derechos, la Igualdad y la Solidaridad Internacional Colombia

Zona de actuación: departamento del Valle del Cauca, Municipio de Buenaventura, zona fluvial ríos Cajambre e Raposo

País: Colombia

Rexión: América do Sur

Descrición: na zona de Buenaventura a afectación da poboación civil polo conflito armado colombiano é a principal causa da «crise humanitaria» ao que se suman as inundacións de outubro e novembro de 2013. Entre agosto e novembro de 2012 produciuse un pico de violencia no centro urbano ocasionado pola disputa do dominio territorial e o control do microtráfico. As comunidades da zona, debido ás consecuencias do conflito e de desastres naturais unido á ausencia das institucións do Estado, presentan graves necesidades humanitarias como: non acceso a auga en cantidade e calidade, falta de sistemas de saneamento e de coñecementos básicos de hixiene, inadecuada habitabilidade, carencia de elementos de hixiene e de hábitat, inseguridade alimentaria, debilidades no sistema educativo, falta de atención en saúde, infraestruturas comunitarias e accesos deficitarios.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuíuse a proveer asistencia humanitaria a poboacións afrocolombianas dobremente afectadas (inundacións e conflito

armado) na zona fluvial de Buenaventura, Colombia.

Obxectivo específico: mellorou o acceso e a axuda humanitaria dos e das beneficiarios/as, nos territorios de comunidades afrocolombianas na zona fluvial de Buenaventura (departamento do Val do Cauca, Colombia).

Poboación beneficiaria:

Directa: 2.226 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 62.721 €





5.2 Convenios de colaboración para actuacións humanitarias e de emerxencia

Ao longo do 2014 asináronse os seguintes 6 convenios no ámbito da acción humanitaria e de emerxencia:

01. Convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de Acción Humanitaria e de Emerxencia

Para garantir a adecuada dotación dun fondo de emerxencias asinouse, por sexto ano consecutivo, un convenio con Farmacéuticos Mundi, que permitiu dar resposta de forma rápida algunhas das crises humanitarias acaecidas no 2014. O convenio contou cunha dotación inicial de 50.000€ que foi ampliada mediante addenda en 35.975€, o que fai un total de 85.975€ que permitiron a posta en marcha operativos en Siria, Kenya, Malí, Uganda, a República Dominicana e Gaza.

O acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia e Farmacéuticos Mundi ten como obxecto realizar as actuacións que ambas partes acorden destinadas a atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humano, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, a través da provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia. Por outra banda, a activación deste convenio tamén pretende paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfase en países e poboacións cun menor Índice de Desenvolvemento Humano.

As actuacións desenvolvidas por Farmacéuticos Mundi no marco deste convenio centráronse en dúas estratexias diferenciadas. En primeiro lugar, procedeuse ao envío de equipos estándares (Kits de Acción Inmediata e Kits Sanitarios para Emerxencias) que permiten atender ás necesidades da poboación durante máis dun ano, adaptándose estritamente ás necesidades e patróns epidemiolóxicos do país de destino e da urxencia concreta que se debe atender. En segundo lugar, procedeuse á dotación de kits e stocks de medicamentos adecuados e suficientes de resposta en urxencia directamente naqueles países onde Farmacéuticos Mundi ten presenza permanente.

A través deste convenio de colaboración realizáronse sete actuacións de emerxencia:

Intervención para a atención de emerxencia á poboación refuxiada no Distrito de Adjumani (Uganda) derivada da crise en Sudán do Sur

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: Emesco Development Foundation

Zona de actuación: Distrito de Adjumani

País: Uganda

Rexión: África Subsahariana

Descrición: coa intervención espérase dotar de insumos médicos (fundamentalmente medicamentos) a tres hospitais da zona, beneficiando como mínimo a 1.500 persoas, priorizando a nenos e nenas menores de 5 anos e mulleres embarazadas ou lactantes.

Sudán do Sur é o Estado máis novo do mundo e está a experimentar a peor crise dende a súa independencia fai dous anos. A pesar da sinatura dun acordo de cese das hostilidades a finais de xaneiro, os ataques e enfrontamentos persisten, de aí que continúen os desprazamentos internos e a saída de poboación cara aos países veciños, concretamente 78.000 persoas, na súa maioría mulleres e nenas/os, teñen chegado a Uganda dende o comezo do conflito.

A maior concentración de persoas está actualmente no Centro de Tránsito de Dzaipi, no Distrito de Adjumani. O Centro foi deseñado inicialmente para acoller a 4.000 persoas e actualmente hai rexistradas 35.505 en condicións moi precarias e con importantes riscos para a súa saúde.

Intervención de emerxencia para combater a malnutrición aguda materno-infantil entre a poboación desprazada no Campo de Kakuma, Kenya

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: Hesed-África

Zona de actuación: Kakuma Camp

País: Kenya

Rexión: África Subsahariana

Descrición: esta intervención de emerxencia pretende combater a malnutrición aguda materno infantil entre a poboación desprazada no campo de Kakuma (en Kenya), por mor da crise que está a vivir Sudán do Sur. En concreto, serán distribuídas unhas 10.200 unidades de suplementos nutritivos a 3.000 mulleres lactantes e embarazadas e nenos e nenas menores de cinco anos.

Intervención de emerxencia para facer fronte ás consecuencias no conflito en Malí

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: Association Malienne pour la Promotion du Sahel (AMAPROS)

Zona de actuación: Localidades de Nampala, Diabali e Kouruma, Región de Ségou (Círculo de Niono)

País: Malí

Rexión: África Subsahariana

Descrición: nun recente informe da OCHA (Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios de NNUU) advírtese que ao redor de 170.000 persoas procedentes de Malí atópanse refuxiadas nos países

veciños e unhas 199.000 atópanse en situación de desprazamento dentro do país e, segundo un informe do Consello de Seguridade de NNUU, a prestación de servizos sociais básicos segue sendo limitado no Norte de Malí.

Con esta intervención está previsto prestar asistencia médica sanitaria a 2.400 persoas durante 4 meses nas localidades de Nampala, Diabali e Kouruma, na Rexión de Ségou, no Círculo de Niono, con especial atención aos nenos e nenas menores de 5 anos e ás mulleres embarazadas e lactantes.

Asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas somalíes en Fafi Sub County para mellorar a saúde, a nutrición e as condicións sanitarias no campo Daddab, Campo de Garissa (priorizando mulleres e infancia), Kenya

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: Foundation for Health and Social Economic Development Africa

Zona de actuación: Dadaab Camp, Fafi Sub County, Garissa County

País: Kenya

Rexión: África Subsahariana

Descrición: con esta intervención contribúese á mellora das condicións sociosanitarias e alimentarias das persoas refuxiadas e da comunidade de acollida no campamento de refuxiados de Dadaab, no Condado de Garissa en Kenya (con énfase nas mulleres e nos nenos e nenas menores de cinco anos). Con esta intervención os nenos e nenas menores de cinco anos reciben vacinas e doses adicionais da poliomielite. Ademais tamén recibirán unha dose adicional da vacina contra o xarampón e serán tratados da desnutrición aguda e severa. A poboación adulta será tratada das doenzas máis comúns nos campos como

as infeccións respiratorias e diarreicas agudas, e as altas taxas de anemia.

Xunto co anterior proporcionárase tamén artigos non alimentarios (NFI), concretamente Kits de hixiene persoal e tabletas para a potabilización do auga.

Atención das necesidades básicas da poboación desprazada despois da ofensiva militar de Israel en Gaza

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: Labour Resources Center

Zona de actuación: Franxa de Gaza

País: Territorio Palestino Ocupado (tPo)

Rexión: Oriente Medio

Descrición: con esta intervención ponse en marcha un operativo de resposta para a atención das necesidades básicas da poboación desprazada trala ofensiva militar de Israel en Gaza. Farase chegar á poboación desprazada alimentos e material de acubillo de primeira necesidade, como por exemplo mantas e colchóns. Estímase que a presente intervención beneficiará a máis de 1.200 persoas, a gran maioría mulleres, nenos e nenas.

Atención e prevención do contaxio do virus Chicunguya nos barrios Libertador, Las Palmas e Buenos Aires en Santo Domingo Oeste, República Dominicana

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: COSALUP

Zona de actuación: Barrios de Libertador, Las Palmas, Buenos Aires, en Santo Domingo Oeste

País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: a Organización Mundial da Saúde (OMS) confirmou en decembro de 2013 o primeiro brote de chikungunya no continente americano, sendo actualmente República Dominicana un dos países máis afectados. Nestes momentos, segundo datos da OMS, é o país con máis casos sospeitosos de chikungunya, cun total de 135.835 casos (practicamente a metade dos detectados no conxunto do continente) e cunha das taxas de incidencia máis elevadas, sendo esta de 1.305,8 por cada 100.000 habitantes.

No marco desta intervención desenvolveranse visitas domiciliarias en 1.500 fogares en tres barrios de Santo Domingo Oeste co obxecto de detectar e atender os casos sospeitosos, ademais crearanse 5 comités de vixilancia etomolóxica e control do virus e farase unha dotación de medicamentos.

Intervención de emerxencia para facer fronte ás consecuencias do conflito en Siria

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: JAFRA

Zona de actuación: Al Yarmouk (Damasco)

País: Siria

Rexión: Oriente Medio

Descrición: o conflito sirio ten deixado máis de 2 millóns de persoas desprazadas internas e ao redor de 3 millóns de persoas refuxiadas. A poboación que conta con menores recursos económicos atópase entre aquela que non ten a oportunidade de saír do país.

Dende o inicio do conflito os campos para poboación refuxiada e desprazada foron considerados lugares

de maior seguridade para a poboación civil. Sen embargo, estes campos deixaron de ser seguros para converterse en obxectivos do conflito, padecendo o bloqueio das entradas e saídas, bombardeos e violentos enfrontamentos.

No marco desta intervención atenderase ás necesidades básicas de alimentación e abrigo dos habitantes do campo de Al Yarmouk.

Intervención de emerxencia para a atención das necesidades básicas da poboación no campo de Al Yarmouk e a súa preparación de cara ao inicio do inverno 2014-2015, Siria

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: JAFRA

Zona de actuación: Al Yarmouk (Damasco)

País: Siria

Rexión: Oriente Medio

Descrición: desde o inicio do conflito sirio, os campos de refuxiados/as palestinos/as, convertéronse en refuxio seguro para a poboación siria, persoas feridas e desprazados/as internos. Concretamente, o campo de Al Yarmouk, proporcionou refuxio a máis de 50.000 persoas desprazadas. Mais hoxe os campos convertéronse en obxectivo do conflito, en Al Yarmouk quedan arredor de 6.000 familias, bloqueadas, vítimas de bombardeos e de violentos enfrontamentos entre o exército e os grupos rebeldes.

Neste contexto, no que as infraestruturas dos campos foron parcial ou totalmente danadas, hai cortes de enerxía de ata 20 horas seguidas, os alimentos son escasos e as telecomunicacións inexistentes; a nivel sanitario, os hospitais dos campos padecen de poucos ou inexistentes recursos tanto humanos como materiais.

Segundo o último informe do Syria Humanitarian Assistance Response Plan (SHARP), as necesidades máis perentorias de face ao inverno 2014-2015 no país son, ademais de material de abrigo, o apoio alimenticio ás vítimas. Concretamente, en Al Yarmouk, a poboación loita a diario para poder satisfacer as súas necesidades alimenticias, e carecen de material básico de abrigo que facilitou á poboación que decidiu fuxir.

02. Convenio de colaboración con ACNUR, Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados para a execución do proxecto «Acceso a auga potable para os/as refuxiados/as sudaneses no leste do Chad

Axente: España con ACNUR

Código CRS: axuda e servizos materiais de emerxencia

Socio local: ACNUR

Zona de actuación: Campos de Djabal, Goz Amir e Abgadam

País: Chad

Rexión: África Subsahariana

Descrición: o obxecto deste convenio é conseguir que as persoas sudanesas refuxiadas nos campos xestionados por ACNUR no leste do Chad (campos de Djabal, Goz Amir e Abgadam) e a poboación local próxima a eles, teñan acceso regular a servizos adecuados de auga cun subministro de calidade, de conformidade cos estándares internacionais, evitándose deste modo a transmisión de enfermidades.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: mellora das condicións de vida da poboación refuxiada sudanesa nos campos do leste do Chad.

Obxectivo específico: acceso a auga potable segura e de calidade para 66.609 refuxiados/as sudaneses/as nos campos de Djabal, Goz Amir e Abgadam, segundo estándares internacionais.

Poboación beneficiaria:

Directa: 66.609 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 20.000€

03. Convenio de colaboración coa UNRWA, Axencia de Nacións Unidas para a atención dos/as refuxiados/as palestinos/as, para a «Provisión de alimentos de primeira necesidade ás familias máis vulnerables afectadas polo bloqueio, Franxa de Gaza»

Axente: UNRWA

Código CRS: axuda alimentaria e de emerxencia

Socio local: UNRWA

Zona de actuación: Territorio Palestino Ocupado (tPo)

País: Franxa de Gaza

Rexión: Oriente Medio

Descrición: este convenio de colaboración ten por obxecto mitigar o impacto do bloqueio e a crise humanitaria sobre a vida da poboación máis vulnerable de Gaza, a través do apoio ao Programa de Axuda Alimentaria na Franxa de Gaza, coa finalidade de apoiar o incremento nutricional e de aporte calórico mediante a provisión de paquetes alimentarios.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: reducir o impacto do bloqueio sobre as familias refuxiadas máis vulnerables da Franxa de Gaza.

Obxectivo específico: mellorar a seguridade alimentaria da poboación máis vulnerable dando acceso a alimentos de primeira necesidade con valores calóricos elevados.

Poboación beneficiaria:

Directa: 1.780 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 20.000€

04. Convenio coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí, SOGAPS, para a «Prestación de Axuda Sanitaria e material sanitario e construción e dotación dunha casa para persoal médico na Wilaya de Bojador, Arxelia»

Axente: Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharaí

Código CRS: atención sanitaria básica, Formación persoal sanitario

Socio local: Ministerio de Saúde Pública Saharaí e Media Luna Roja Saharaí

Zona de actuación: Wilaya de Bojador, Tindouf

País: Campamentos Saharauís, Alxeria (suroeste)

Rexión: Norte de África

Descrición: este proxecto desenvolverase nos campamentos de refuxiados saharauís de Tindouf e ten dúas finalidades principais:

a) Prestar atención sanitaria á poboación, en especial ás mulleres e ós nenos.

b) Construír e equipar unha casa para o persoal médico.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: o proxecto ten como obxectivo contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada saharauí da Wilaya de Bojador, con especial atención aos nenos/as de 0 a 7 anos, mulleres embarazadas e persoas maiores.

Obxectivo específico: mellorar as condicións de saúde e alimentación da poboación da Wilaya de Bojador.

Poboación beneficiaria:

Directa: 5.832 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 100.000€

05. Convenio de colaboración coa UNRWA, Axencia de Nacións Unidas para a atención dos/as refuxiados/as palestinos/as, para «Apoio psicosocial para as vítimas da operación «Protective Edge» na Franxa de Gaza»

Axente: UNRWA

Código CRS: axuda e servizos materiais de emerxencia

Socio local: UNRWA

Zona de actuación: Territorio Palestino Ocupado (tPo)

País: Franxa de Gaza

Rexión: Oriente Medio

Descrición: este convenio ten por obxecto facilitar o tratamento e apoio psicolóxico da poboación desprazada. Para isto, a UNRWA contrata a profesionais da saúde mental (psicólogos/as, psiquiatras e terapeutas) que realizan distintas actividades entre as que destacan: as escolas-refuxio que atenden e dan orientación ás familias e individuos (con especial atención a aqueles casos que viviron unha situación especialmente difícil); a xeración dun proceso de reconstrución psicosocial na comunidade unha vez cesan as hostilidades a través de terapias individuais orientadas aos nenos e nenas nas escolas de UNRWA; terapias grupais na aula para a adaptación á escola e a familia; orientación a docentes e pais para acompañar ás e aos menores no proceso de loito e recuperación do trauma e sensibilización na comunidade e, por último, participación da poboación en actividades grupais de rehabilitación e resiliencia.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: reducir o impacto psicolóxico da operación «Protective Edge» na poboación gazatí.

Obxectivo específico: paliar os efectos psicolóxicos da situación na Franxa de Gaza a través da atención psicosocial especializada.

Poboación beneficiaria:

Directa: 5.419 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 19.975€

06. Convenio de colaboración con Médicos do Mundo para «dar resposta á emerxencia de ébola en Serra Leona. Fase III»

Axente: Médicos do Mundo

Código CRS: 720 (Axuda de emerxencia)

Zona de actuación: Koinadugu

País: Serra Leona

Rexión: África Occidental

Descrición: no ano 2014 produciuse a maior epidemia de ébola (EVD) desde o descubrimento da enfermidade en 1976. Afecta a 4 países por agora (Guinea Conakry, Liberia, Serra Leona e Nixeria). No mes de maio, o goberno de Serra Leona declarou a epidemia de ébola e en xullo o estado de emerxencia, co que puxo en marcha un paquete de medidas especiais que incluíu a implicación das forzas de seguridade e a restrición e control de movementos.

Médicos do Mundo leva traballando no distrito de Koinadugu desde hai máis de 10 anos no ámbito da atención sanitaria, incluída a atención e prevención de epidemias como o Ébola; sendo a ONGD de referencia en saúde no Distrito. A progresión da epidemia está na súa fase ascendente, a previsión é que sigan aumentando os casos.

Subvención da Xunta de Galicia: 50.000€ (2014)

5.3 Outras actuacións

No mes de xullo de 2014 a Fundación Araguaney, en coordinación coa Asociación Médica Hispano Palestina (AMHP), realizou en xullo 2014 un chamamento urxente á poboación galega para participar nunha campaña solidaria que permitira facer chegar material médico sanitario e outros produtos de primeira necesidade á Franxa de Gaza, ante a grave crise humanitaria producida trala posta en marcha da operación militar «Protective Edge» por parte de Israel.

A Xunta de Galicia, a través da DXRREE e coa UE, contribuíu a sufragar os gastos de transporte do material recollido na citada campaña con un importe de 10.000€.





6

Actuacións de educación para o desenvolvemento

6.1 Convocatoria 2014 de proxectos de educación para o desenvolvemento

A Orde pola que se regulou a convocatoria pública de axudas para proxectos de Educación para o Desenvolvemento correspondente ao ano 2014 foi publicada no DOG do 22 de maio dese ano.

Como novidades respecto da convocatoria do ano 2013 cabe destacar a introdución, xunto coa posibilidade de financiamento de gastos de identificación, da posibilidade de financiamento dos gastos de elaboración de liñas de base e diagnósticos, así como os custos de avaliación das intervencións.

Presentáronse un total de 26 proxectos dos que, mediante unha resolución que foi publicada o día 23 de xullo, e foron aprobados 10 proxectos cun financiamento de 290.014€ (116.005,60€ para o ano 2014 e 174.008,40€ para o ano 2015).

Os proxectos aprobados son o seguintes:

01. Cidadanía global, educación e DDHH: empoderamento e participación para o cambio social por parte da mocidade e do profesorado da Rede Solidaria da Mocidade no curso 2014-2015

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de EpD 2014

Axente: Fundación Entreculturas Fé y Alegría

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: os estudos existentes en Galicia e España revelan un déficit de cidadanía e participación activa entre a mocidade así como falla de cultura política, activismo e militancia en movementos e

organizacións sociais. En relación á cooperación ao desenvolvemento, a mocidade presenta actitudes favorables cara á loita contra a pobreza e á política pública de cooperación. Malia valorar positivamente ás organizacións de voluntariado, este recoñecemento non se traduce en apoio, compromiso ou participación. En conclusión, a participación sociopolítica da mocidade caracterízase pola súa desconfianza, apatía e procura de canles e espazos alternativos de participación e mobilización social.

Este proxecto dá continuidade á intervención do 2013/2014, e céntrase na satisfacción dunha tripla demanda: a consolidación dos espazos colectivos para a participación incluíndo a visión e voz do Sur; a demanda dun maior apoio, acompañamento e fortalecemento dos grupos; e a demanda de formación específica por parte do profesorado dinamizador dos grupos solidarios.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: promover en Galicia a construción dunha cidadanía global concienciada, crítica, participativa e comprometida coa xustiza e a solidariedade, coa erradicación da pobreza e das desigualdades, a promoción do desenvolvemento humano e sostible e o exercicio pleno dos dereitos, colaborando coa consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento.

Obxectivo específico: fortalecer os procesos de participación, empoderamento e cidadanía global activa para o cambio social e persoal dos mozos e mozas e do profesorado da Rede Solidaria da Mocidade, desde a promoción da educación e os dereitos humanos durante o curso 2014-2015.

Subvención da Xunta de Galicia: 30.000€; 12.000€ (2014) e 18.000€ (2015)

02. Campaña mundial pola educación 2015 en Galicia

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2014

Axente: Fundación Entreculturas agrupada con Fundación Ayuda en Acción, Fundación Interred e Fundación Taller de Solidaridad

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o equipo territorial da Campaña Mundial pola Educación (CME) en Galicia e as ONGD que a integran aos efectos deste proxecto queren culminar o traballo de máis de 10 anos en Galicia sensibilizando e formando a sociedade galega e a comunidade educativa, sobre a situación da educación no mundo.

A CME quere poñer na axenda pública e política de Galicia o incumprimento na consecución dos obxectivos de EPT (Educación para Todas) e dos ODM,

en especial dos obxectivos referidos á educación no mundo.

Para tal fin, o equipo territorial da CME en Galicia levará a cabo una intervención coordinada entre as ONGD que integran este proxecto e despregará unha batería de accións de formación, sensibilización, mobilización e incidencia para chegar a dous segmentos de poboación claves: a comunidade educativa galega e a sociedade civil galega.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: promover a realización do dereito á educación a través do cumprimento dos obxectivos de educación para todos e todas do Marco de Acción de Dakar e dos ODM referidos á educación.

Obxectivo específico: promover na comunidade educativa e na sociedade civil galega respostas sociais, educativas e políticas a favor do dereito á educación para todos e todas no marco de Acción de Dakar e dos ODM, chegada a data límite do ano 2015 para o seu cumprimento.

Subvención da Xunta de Galicia: 34.000€; 13.600€ (2014) e 20.400€ (2015)

03. Creando cidadanía global; un reto na axenda post 2015

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2014

Axente: Solidariedade Internacional Galicia

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: este proxecto conta con dúas ideas forza que dirixirán toda a posta en marcha: o traballo na educación formal que terá a característica de ser coordinado, colaborativo e participado entre SI Galicia e os centros educativos que se embarquen nesta aventura, e a intención de ser un proxecto de incidencia

política, xa que nos levará a participar de forma axeitada en diferentes contextos onde se discuten, definen e negocian temas relacionados co benestar (en tódolos planos) das persoas.

«Creando cidadanía global; un reto na axenda Post 2015» é unha iniciativa que se levará acabo en 10 centros de ensino secundario de Galicia nos que a partir dun diagnóstico previo entre a organización e o profesorado participante, o proxecto formará parte dos contidos da materia Ético-Cívica impartida no 4º curso da ESO. Por primeira vez SI Galicia pretende que o proxecto de EpD estea dentro da materia curricular.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á formación integral das/os xóvenes galegas/os a través da educación para o desenvolvemento.

Obxectivo específico: axudando a desenvolver na poboación galega e nos/as xóvenes galegos/as de secundaria xunto co seu profesorado actitudes (solidarias, tolerantes, participativas...) par exercer a cidadanía global.

Subvención da Xunta de Galicia: 21.334€; 8.533,60€ (2014) e 12.800,40€ (2015)

04. Mellora das capacidades e ferramentas para a educación e comunicación para o desenvolvemento no ensino non universitario (educación infantil, primaria, secundaria e FP) e promoción da formación especializada en cooperación e comunicación para o desenvolvemento no eido universitario

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2014

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz agrupada con AGARESO

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: este proxecto constitúe unha aposta integral pola formación en educación e comunicación para o desenvolvemento na comunidade galega, que abarca desde a educación infantil ata a universitaria e que se presenta como continuación do proxecto EpD-CpD.

As acción programadas inciden na sensibilización sobre a problemática dos países empobrecidos e da situación dos colectivos máis desfavorecidos, especialmente das mulleres.

Preténdese contribuír a fomentar e fortalecer un clima de tolerancia, solidariedade, democracia e respecto, desde a conciencia crítica e a pluralidade en varios centros educativos, que ao longo do curso adquiren un compromiso que se concreta nas actividades de Escolas Sen Racismo, Escolas pola Paz e o Desenvolvemento (ESR,EPD) promovidas desde ACPP, AGARESO e pola súa comunidade educativa conxuntamente.

Preténdese dotar de ferramentas e formación específicas ao profesorado, para que traballe co alumnado que cada ano pasa pola aula e garantir que o proxecto sexa sostible así como o seu efecto multiplicador.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento en Galicia.

Obxectivo específico: mellora das capacidades e ferramentas para a educación e comunicación para o desenvolvemento no ensino non universitario (educación infantil, primaria, secundaria e FP) e promoción da formación especializada en cooperación e comunicación para o desenvolvemento no eido universitario.

Subvención da Xunta de Galicia: 40.000€; 16.000€ (2014) e 24.000€ (2015)



05. Redes educativas para a sostenibilidade da vida

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2014

Axente: Fundación Interred

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: a presente intervención, procura dar continuidade ao traballo que se está a executar co proxecto «Crear unha Rede galega de participación cidadá para dar pulo á Transformación Social baseada na Ética do Coidado con enfoque DDHH e de Xénero».

Propóñense tres bloques de acción que permitirán avanzar e afianzar o traballo feito ata o momento:

a) O traballo en redes de confluencia das comunidades educativas en base ao tema dos coidados.

b) Encher de contidos participativamente a rede solidaria da mocidade, integrada por parte das persoas que fixeron voluntariado internacional coa organización, e xente interesada na Cooperación para o desenvolvemento.

c) Construír a rede de profesorado universitario o que permitiría levar os contidos da campaña «Actúa con coidados: Transforma a realidade» dun xeito sistemático as aulas de Ciencias da Educación, Pedagogía e Educación Social de parte dos Campus existentes en Galicia.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: impulsar, na cidadanía galega, procesos socio-educativos transformadores, capaces de xerar, a nivel persoal e colectivo, unha participación activa e comprometida a favor da xustiza, a equidade de xénero e a sostenibilidade social e ambiental.

Obxectivo específico: contribuír á mobilización da sociedade civil galega para a conformación

de redes de confluencia en torno ao tema da ética dos coidados, ao interior das comunidades educativas, entre a xuventude, e nas universidades.

Subvención da Xunta de Galicia: 29.996€; 11.998,40€ (2014) e 17.997,60€ (2015)

06. Explorando as posibilidades de estender a dimensión global da EpD na Educación Secundaria Obrigatoria. Unha investigación diagnóstica en centros educativos de Galicia

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2014

Axente: Solidariedade Internacional Galicia agrupada coa Universidade da Coruña

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o presente proxecto parte das achegas postas de manifesto na investigación en curso, entre SIG e o o grupo de investigación PEHS da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña (9-2013/11-2014), «Investigando na Educación para o Desenvolvemento. Un estudo de caso sobre a implementación do proxecto do Tesouro de Acahualinca» sobre a incidencia dos proxectos de EpD no ámbito escolar. Estas achegas están a confirmar as tendencias postas de manifesto pola investigación en EpD en entornos escolares.

A presente investigación plantéxase con fins diagnósticos para identificar as necesidades do profesorado e do centro no seu conxunto e detectar formas de ampliar a colaboración nos proxectos de EpD e de facelos mais significativos para os centros de educación secundaria, partindo antes do estudo da Dimensión Global que están a desenvolver no Reino Unido e da súa posible presenza no currículo de España e Galicia.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: mellorado o coñecemento da dimensión global da EpD no currículo de secundaria.

Obxectivo específico: xerado coñecemento para a introdución da dimensión global da educación para o desenvolvemento no ensino secundario analizando o súa presenza en propostas educativas e no currículo oficial, en Galicia, España e Reino Unido e recollendo as perspectivas do profesorado galego.

Subvención da Xunta de Galicia: 29.971 €; 11.988,40 € (2014) e 17.982,60 € (2015)

07. REACTIV-ARTE: Reformulando o activismo. A arte como xerador de cambios

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2014

Axente: Implicadas/os no Desenvolvemento

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: «Implicadas» defende o concepto do «artivismo» que implica que as persoas que están no mundo da cultura non só usan a súa capacidade de visibilización senón que se converten en partícipes dos procesos de transformación social, neste caso da man dos valores de «Implicadas» nos que destaca sempre: o traballo en colaboración coas mulleres do Sur de igual a igual e dende o afán de coñecemento e solidariedade mutua, a incidencia na visibilización das mulleres como creadoras e como activistas nos seus propios contextos e en conexión, o valor das culturas propias fronte a homoxeneización das políticas neoliberais creadoras de pobreza e a vinculación do traballo artístico e cultural con cuestións máis amplas de dereitos humanos, a transformación do imaxinario colonial e a nosa visión das outras.

O proxecto pretende crear e afianzar en Galicia unha rede de artistas que actúen como altafalantes da visión e da misión de «Implicadas» que sexan xeradoras/es de espazos de reflexión e que mobilicen a cidadanía na loita contra a pobreza e as desigualdades partindo dun coñecemento profundo da realidade, creando unha masa crítica acerca da cooperación ao desenvolvemento entendida como participativa, crítica e feminista.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: xerar procesos de participación e acción cidadá que reafirmen o vínculo entre desenvolvemento, xustiza e equidade.

Obxectivo específico: afondar na creación dunha rede de artivistas que actúen de altafalantes coherentes fronte a sociedade galega sobre as causas da pobreza e a Cooperación entendida como crítica, participativa e feminista.

Subvención da Xunta de Galicia: 29.975 €; 11.990 € (2014) e 17.985 € (2015)

08. Proxecto de formación e sensibilización sobre a feminización da pobreza no sector do textil e alternativas para un consumo responsable de roupa. 3ª Fase

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2014

Axente: Asociación Amarante Setem para o Ecodesenvolvemento

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o obxectivo deste proxecto (na súa 3ª fase) é contribuír á redución da feminización da pobreza no sector da confección e ao respecto aos dereitos humanos e laborais para garantir un desenvolvemento sustentable. Para iso, a cidadanía galega toma conciencia da problemática global da feminización do sector do textil e o impacto da deslocalización a través do coñecemento da realidade das traballadoras

galegas e marroquís con formatos innovadores e apoian a campaña global polos salarios dignos e a necesidade dun consumo responsable de roupa.

Preténdese crear unha curta documental que achegue esta realidade á sociedade galega; que as institucións públicas e os partidos políticos tomen conciencia da necesidade de garantir salarios dignos no sector da confección; ofrecer formación sobre as causas estruturais da feminización da pobreza e fomentar a solidariedade entre os pobos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír á redución da feminización da pobreza no sector da confección e ao respecto dos dereitos humanos e laborais para garantir un desenvolvemento sustentable.

Obxectivo específico: a cidadanía galega toma conciencia da problemática global da feminización do sector do téxtil e o impacto da deslocalización a través do coñecemento da realidade das traballadoras galegas e marroquís con formatos innovadores e apoian a campaña global polos salarios dignos e a necesidade dun consumo responsable de roupa.

Subvención da Xunta de Galicia: 29.993€; 11.997,20€ (2014) e 17.995,80€ (2015)

09. Proxecto de difusión do dereito ao hábitat e as súas dimensións transversais a través da sensibilización e a educación non formal na comunidade educativa

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2014

Axente: Arquitectos sen Fronteiras agrupada coa Universidade da Coruña

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: este proxecto xorde como continuidade daquelas propostas que tiveron maior impacto e como resultado da constatación por parte de Arquitectos sen Fronteiras (ASF), a través do traballo levado a cabo durante os últimos 19 anos, das carencias formativas e da sensibilización no eido da habitabilidade e o hábitat, tanto a nivel local como internacional, se poden detectar na comunidade educativa da contorna da Coruña e no contexto galego en xeral.

Este diagnóstico é preocupante dentro dun marco de poboación mundial que superou os 7.000 millóns de habitantes, dos cales entre un 14 % e un 28 % viven na pobreza extrema, sen vivenda estimable nen recursos imprescindibles como a auga potable. Resulta imprescindible que a futura comunidade de técnicos/as involucrados/as na construción e xestión do hábitat non sexan allea a este marco global, e continuar ata acadar a implementación dunha asignatura no marco formal dos planos de estudo, nas escolas de Arquitectura.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuír a crear unha cidadanía global comprometida coa loita contra a pobreza e as desigualdades a través de procesos de educación que visibilicen as realidades, promovan actitudes e valores; e doten de ferramentas para poder incidir a favor do dereito a un hábitat digno.

Obxectivo específico: sensibilizar e formar sobre o dereito ao hábitat axeitado na ensinanza primaria, secundaria e universitaria de Galicia.

Subvención da Xunta de Galicia: 29.986€; 11.994,40€ (2014) e 17.991,60€ (2015)

10. Aplicación do enfoque de soberanía alimentaria e consumo sustentable na educación para o desenvolvemento en Galicia

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2014

Axente: Amigos da Terra Galicia Xuventude

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o proxecto pretende dar continuidade, ampliar a achega a novos públicos e colectivos e afondar nos procesos e logros acadados mediante os proxectos de EpD executados nos últimos anos, centrados nun enfoque de promoción e construción de alternativas que contribúan á soberanía alimentaria e a un cambio no consumo e no sistema alimentario cara un modelo baseado na sustentabilidade ambiental e na xustiza social. O obxectivo principal é aplicar á liña de traballo xa iniciada, a visión integral que supón o enfoque da educación ao desenvolvemento e ampliar a achega e o impacto a través de actuacións que cubran o eido da educación formal e informal.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuído ao fomento de capacidades de cambio na sociedade galega cara un modelo de alimentación sustentable.

Obxectivo específico: impulsada a introdución e o tratamento da problemática alimentaria global nos distintos espazos educativos.

Subvención da Xunta de Galicia: 14.759 €; 5.903,60 € (2014) e 8.855,40 € (2015)

6.2 Convocatoria 2013 de proxectos de educación para o desenvolvemento

Co orzamento de cooperación exterior de 2014 deuse cobertura ao compromiso financeiro correspondente á anualidade 2014 dos 17 proxectos aprobados ao amparo da convocatoria de proxectos de Educación para o Desenvolvemento publicada no ano 2013, que se elevaba a 291.225 €.

Ditos proxectos son os seguintes:

01. Investigación e sensibilización sobre a problemática da actividade acuícola insustentable e promoción de alternativas artesanais baseadas na economía social: pontes entre Golfo de Fonseca (Centroamérica) e Galicia

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Enxeñería sen Fronteiras agrupada con Amigos da Terra Galicia – Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela

Subvención da Xunta de Galicia: 39.913 € (2013: 15.965,20 €; 2014: 23.947,80 €)

02. Proxecto de difusión do concepto de tecnoloxía para o desenvolvemento humano mediante a sensibilización e a educación formal na comunidade educativa de base tecnolóxica e na sociedade galega en xeral 2013-2014

Axente: Enxeñería sen Fronteiras

Subvención da Xunta de Galicia: 21.687 € (2013: 8.674,80 €; 2014: 13.012,20 €)

03. Crear unha rede galega de participación cidadá para dar pulo á transformación social baseada na Ética do Coidado con enfoque DDHH e de Xénero (Rede cidadá con ética do coidado)

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Fundación InteRed

Subvención da Xunta de Galicia: 29.995 € (2013: 11.998 €; 2014: 17.997 €)

04. Cooperación galega; o mundo que queremos

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia agrupada coa Fundación Intervida e a Asociación Mundo Cooperante

Subvención da Xunta de Galicia: 39.955 € (2013: 15.982 €; 2014: 23.973 €)

05. Investigando na educación para o desenvolvemento: un estudo de caso sobre a implementación do proxecto «O tesouro de Acahualinca»

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia agrupada coa Universidade da Coruña

Subvención da Xunta de Galicia: 24.287 € (2013: 9.714,80 €; 2014: 14.572,20 €)

06. ODM 3 e 8: “Non hai xustiza sen igualdade” e “Un novo mundo, un proxecto común”

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Manos Unidas

Subvención da Xunta de Galicia: 27.750€ (2013: 11.100€; 2014: 16.650€)

07. Mellora da educación e comunicación para o desenvolvemento na educación infantil, primaria e secundaria, e da formación en cooperación e comunicación para o desenvolvemento no ámbito universitario (EpD-CpD III)

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Asemblea de Cooperación Pola Paz agrupada con AGARESO

Subvención da Xunta de Galicia: 39.379€ (2013: 15.751,60€; 2014: 23.627,40€)

08. O que a túa neveira agacha: axentes multiplicadores cambian as súas pautas de consumo e as difunden contribuíndo á consecución dunha xustiza alimentaria global

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Fundación Intermón Oxfam

Subvención da Xunta de Galicia: 9.860€ (2013: 3.944€; 2014: 5.916€)

09. Cidadanía global, educación e dereitos humanos: participación para o cambio social por parte da mocidade e do profesorado da Rede Solidaria da Mocidade no curso 2013-2014

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Subvención da Xunta de Galicia: 30.000€ (2013: 12.000€; 2014: 18.000€)

10. Proxecto de formación e sensibilización sobre a feminización da pobreza no sector téxtil e alternativas para un consumo responsable de roupa. 2ª fase2

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Asociación Amarante Setem para o Ecodesenvolvemento

Subvención da Xunta de Galicia: 29.844€ (2013: 11.937,60€; 2014: 17.906,40€)

11. Vaia tea!

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia

Subvención da Xunta de Galicia: 28.833€ (2013: 11.533,20€; 2014: 17.299,80€)

12. Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa 2013-2014

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Arquitectos sen Fronteiras agrupada coa Universidade da Coruña

Subvención da Xunta de Galicia: 29.555 € (2013: 11.822 €; 2014: 17.733 €)

13. 13. Entre-Nós II

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Ecos do Sur agrupada con Mestura

Subvención da Xunta de Galicia: 29.799 € (2013: 11.919,60 €; 2014: 17.879,40 €)

14. Desigualdades (Fase III): da feminización da pobreza á feminización do desenvolvemento

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Asociación Mundo Cooperante

Subvención da Xunta de Galicia: 23.982 € (2013: 9.592,80 €; 2014: 14.389,20 €)

15. Impulsando o consumo sustentable e a alimentación ecolóxica nunha cidadanía crítica e informada (eco-consumo AdT)

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Amigos da Terra Galicia – Xuventude

Subvención da Xunta de Galicia: 10.476 € (2013: 4.190,40 €; 2014: 6.285,60 €)

16. Alternativas na escola: comercio xusto e soberanía alimentaria

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: A Cova da Terra agrupada con Panxea e Sodepaz

Subvención da Xunta de Galicia: 34.800 € (2013: 13.920 €; 2014: 20.880 €)

17. Campaña Mundial pola Educación 2014 (CME 2014)

Instrumento de financiamento: convocatoria de proxectos de EpD 2013

Axente: Educación sin Fronteras agrupada coa Fundación Entreculturas fe y Alegría e a Fundación Axuda en Acción

Subvención da Xunta de Galicia: 35.260 € (2013: 14.104 €; 2014: 21.156 €)



6.3 Convenios de colaboración para actividades de educación para o desenvolvemento

No ano 2014 asináronse tres convenios de colaboración para levar a cabo os seguintes proxectos no ámbito da educación para o desenvolvemento.

01. Convenio de colaboración con Solidariedade Internacional Galicia, AGARESO e Asociación Mundo Cooperante-Galicia para a execución do proxecto «Cooperación Galega; O mundo que queremos»

Axente: Solidariedade Internacional Galicia en agrupación con AGARESO e Asociación Mundo Cooperante-Galicia

Código CRS: sensibilización sobre problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o presente proxecto constitúese como a II edición dunha iniciativa que conta con dúas características diferenciais que condicionarán cada unha das fases e elementos que o compoñen; dunha banda, o feito de formar parte do «Plan Proxecta» da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, doutra o feito de aspirar a ser un proxecto colectivo e participado polo maior número posible de entidades e colectivos galegos con experiencia no eido da EpD. Ambos feitos inciden directamente no obxecto, contidos e metodoloxía do mesmo.

É unha iniciativa dirixida a 8 centros de Educación Secundaria (800 alumno/as e 24 profesores/as), seleccionados entre aqueles que soliciten a presente proposta no marco do «Plan Proxecta». Co profesorado e alumnado destinatario, afondarase nas desigualdade sociais existentes e as causas que as perpetúan con especial atención á realidade dos países empobrecidos nos que traballa a Cooperación Galega. Os ODM serán a temática condutora da proposta e a comunicación comunitaria a ferramenta metodolóxica e elemento vertebrador das accións a desenvolver.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fomento da Educación para o Desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza nos centros educativos galegos.

Obxectivo específico: fomento dun alumnado galego consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

Axuda Xunta de Galicia: 50.000€ (2014: 20.000€; 2015: 30.000€)

02. Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto «Plan de sensibilización 2014: Os Obxectivos do Milenio: fin... e principio»

Axente: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FOGACOSOL)

Código CRS: sensibilización sobre problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o presente proxecto pretende ser un Plan de fortalecemento institucional, sensibilización social e comunicación do Fondo Galego durante o 2014 (Plan 2014). As actividades que se engloban no Plan 2014, son continuadoras do traballo histórico desenvolvido na área de sensibilización entre o Fondo e a Xunta nos últimos 13 anos e especificamente das formulacións de convenios de 2010, 2011 e 2012. O Plan 2014 implementará actividades en forma de exposicións, charlas, obradoiros, aulas maxistras, ciclos de cine, espectáculos de contacontos, Vacacións con Traballo ou o concurso fotográfico «Imaxes con Fondo».

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fortalecida desde o local, a sensibilización da sociedade galega en torno á cooperación para o desenvolvemento.

Obxectivo específico: promovidas unhas entidades locais máis activas na solidariedade internacional.

Humanitaria, os principios que deben guiala e o que a distingue da Cooperación ao Desenvolvemento.

Axuda Xunta de Galicia: 4.000€ (2014)

Axuda Xunta de Galicia: 40.000€ (2014)

03. 3. Convenio de colaboración con Médicos sen Fronteiras para a execución do proxecto «Campaña de sensibilización «Santiago sen Fronteiras»

Axente: Médicos sen Fronteiras (MSF)

Código CRS: sensibilización sobre problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Santiago de Compostela (Galicia)

Descrición: «Santiago sen Fronteiras» está integrado dentro da Campaña global «Cidades sen fronteiras» de MSF. É unha campaña de Sensibilización que ten como obxectivo concienciar á poboación española da importancia de realizar unha Acción Humanitaria independente e de calidade dirixida ás poboacións en situacións complexas, poñendo énfase nos contextos de violencia extrema.

Coa campaña «Santiago sen fronteiras», poñendo en marcha tódalas ferramentas de sensibilización e incidencia cidadá, mostrarase á cidadanía as problemáticas ás que deben facer fronte outras poboacións (conflitos armados, catástrofes naturais, enfermidades endémicas, desprazamentos...) dende a experiencia e o coñecemento de persoal de MSF que estiveron en terreo.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: poboación de Santiago de Compostela informada, concienciada e sensibilizada sobre a importancia da Acción Humanitaria.

Obxectivo específico: a poboación de Santiago de Compostela entende que é a Acción



7

Actuacións de consolidación e fortalecemento de ONGD

7.1 Convocatoria 2014 de proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

A Orde pola que se regulou a convocatoria pública de axudas para proxectos de Educación para o Desenvolvemento correspondente ao ano 2014 foi publicada no DOG do 22 de maio dese ano.

Presentáronse un total de 15 proxectos dos que, mediante unha resolución que foi publicada o día 23 de xullo, e foron aprobados 8 proxectos cun financiamento de 176.276€ (76.510,40€ para o ano 2014 e 105.765,60€ para o ano 2015).

01. Fortalecemento da lexitimidade social de ESF-Galicia: transparencia, comunicación e base social 2014-2015

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

Axente: Enxeñería sen Fronteiras (ESF)

Código CRS: 99810 Sector non especificado

Zona de actuación: Galicia

Descrición: ESF Galicia para conseguir a implicación da base social e a súa continuidade no tempo aposta pola formación e a participación para que así se coñeza o posible impacto das accións que leva a cabo e sexa unha verdadeiro espazo de promoción de pensamento crítico. Por outra banda, mellorar a comunicación externa de ESF permitirá a posibilidade de incrementar a curiosidade e as ganas de participar de potenciais novos voluntarios e voluntarias así como persoas socias.

Trátase de desenvolver un proceso de mellora continua e tratar de que as accións levadas a cabo, tanto interna como externamente, sexan eficientes e se rexan por principios de calidade.

O proxecto que se presenta ten 3 liñas principais: a transparencia e bo goberno de ESF Galicia, a mellora da comunicación externa da asociación e o fortalecemento e ampliación da súa base social.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: aumentada a lexitimidade social e a calidade das accións de ESF Galicia.

Obxectivo específico: aumentada a transparencia, bo goberno e coñecemento sobre ESF Galicia e as súas temáticas.

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000€; 10.000€ (2014), 15.000€ (2015)

02. Plan de mellora estratéxica e de xestión de Amarante Setem

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

Axente: Amarante Setem para ecodesenvolvemento

Código CRS: 99810

Zona de actuación: Galicia

Descrición: este proxecto ten como obxectivo contribuir a unha sociedade galega máis comprometida co consumo responsable e solidariedade contra as inxustizas sociais; para isto Amarante pretende desenvolver un plan de mellora da organización que asegure a sustentabilidade e a efectividade da organización e da súa xestión nos próximos anos nos seus ámbitos estratéxicos de traballo. Os resultados que se pretenden acadar son: un novo plano estratéxico con perspectiva de xénero; fortalecer a base social de Amarante estratéxicamente e as súas áreas de traballo de educación e cooperación para o desenvolvemento; mellorar a comunicación interna/externa a través de novas ferramentas comunicativas e aumentar a súa independencia económica nun 20% mediante a incorporación de novos clientes á distribuidora de comercio xusto e abrir novas liñas de traballo coa administración pública a través da compra pública responsable.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuir a unha sociedade galega máis comprometida co consumo responsable e solidariedade contra as inxustizas sociais.

Obxectivo específico: desenvolver un plan de mellora da organización que asegure a sustentabilidade e a efectividade da organización e da súa xestión nos próximos anos nos seus ámbitos estratéxicos de traballo.

Subvención da Xunta de Galicia: 24.423 €; 8.169,20 € (2014), 12.253,80 € (2015)

03. Fortalecemento da área de formación e voluntariado da Fundación Entreculturas en Galicia no curso 2014 – 2015

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

Axente: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Código CRS: 99810

Zona de actuación: Galicia

Descrición: este proxecto da continuidade e consistencia ás principais accións de mellora comezadas por Entreculturas no curso 2012 – 2013 como foron o deseño e execución dun itinerario de formación do equipo humano en Galicia, e o reforzamento da capacidade técnica da entidade en Galicia, a través do técnico que actúa como coordinador rexional. Como novidade para o próximo curso 2014 – 2015, a estratexia de formación do proxecto vaise focalizar en dos grupos diferenciados de voluntarios/as: voluntariado con responsabilidades de xestión de equipos e novo voluntariado e voluntariado de recente incorporación.

Isto permitirá aproveitar mellor as necesidades formativas de cada grupo e deseñar actividades específicas de promoción do voluntariado; e ao mesmo tempo, o proxecto manterá e reforzará o traballo de acompañamento aos equipos de voluntariado

A combinación destes 3 resultados terá como efecto unha mellora significativa na consolidación da área de formación e voluntariado, e na sostibilidade das delegacións galegas de Entreculturas.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: contribuir a promoción do voluntariado en Galicia como expresión dunha cidadanía galega global comprometida coa xustiza, a solidariedade e a erradicación da pobreza.

Obxectivo específico: mellorar as capacidades das tres delegacións galegas de Entreculturas para a execución das Liñas de Acción 5 da área de formación e voluntariado recollidas no Plan de Mellora 2012 – 2014.

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000 €; 10.000 € (2014), 15.000 € (2015)

04. Proxecto de mellora da eficacia dos mecanismos internos de ASF Galicia

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

Axente: Arquitectos Sen Fronteiras (ASF)

Código CRS: 99810

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o obxectivo deste proxecto é promover o desenvolvemento humano equitativo e sostible, a través da mellora da habitabilidade e a defensa do dereito das persoas a un hábitat digno, incidindo en especial nos colectivos desfavorecidos, mellorando a eficacia dos mecanismos internos da organización, adaptándose ás novas realidades externas e internas, para o mellor desenvolvemento da misión. Preténdese incorporar novas formas de organización interna que melloren a súa eficacia e o rendemento do voluntariado, persoal contratado e Xunta Directiva; mellorar as capacidades do voluntariado, persoal contratado e Xunta Directiva de ASF-Galicia para facer fronte ás novas demandas en relación coas problemáticas do hábitat; e que ASF-Galicia visibilice cara o exterior as dinámicas de equidade de xénero que se están a levar a cabo no interior da organización.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: promover o desenvolvemento humano equitativo e sostible, a través da mellora da habitabilidade e a defensa do dereito das persoas a un hábitat digno, incidindo en especial nos colectivos desfavorecidos.

Obxectivo específico: mellorar a eficacia dos mecanismos internos da organización, adaptándose ás novas realidades externas e internas, para o mellor desenvolvemento da misión.

Subvención da Xunta de Galicia: 14.760 €; 5.904 € (2014), 8.856 € (2015)

05. Establecer á ONGD como referente da CpD en Galicia e aumentar a súa capacidade de obtención de fontes de recursos diversos

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

Axente: AGARESO

Código CRS: 99810

Zona de actuación: Galicia

Descrición: este é o terceiro proxecto de fortalecemento de Agareso co que pretenden especializar aínda máis o seu traballo, afondando na formación sobre Comunicación ao Desenvolvemento e fortalecendo as capacidades da organización para levar a cabo este tipo de proxectos, ao mesmo tempo que compensan o esforzo do voluntariado satisfacendo unha das súas demandas de capacitación.

Con este proxecto a organización busca sostenibilidade enfocándose na diversificación de fontes de financiamento e procurando estratexias e alternativas que poidan ofrecer recursos propios e estables.

Ao mesmo tempo Agareso pretende crear canles de colaboración e fomentar sinerxías con outras ONGD e entidades do eido social para poder realizar proxectos xuntos e mellorar os procesos de comunicación.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: consolidación da Comunicación para o Desenvolvemento como compoñente relevante dos proxectos de cooperación galegos.

Obxectivo específico: establecer á organización como referente da Comunicación para o Desenvolvemento en Galicia e aumentar a súa capacidade de obtención de fontes de financiamento diversas.

Subvención da Xunta de Galicia: 24.025 €; 9.610 € (2014), 14.415 € (2015)

06. Fortalecemento da área de mobilización e educación a través da mellora da xestión, a formación e a participación da base social de Médicos do Mundo en Galicia

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

Axente: Médicos do Mundo-Galicia

Código CRS: 99810

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o obxectivo deste proxecto é promover o compromiso coa defensa dos DD.HH, o Dereito á Saúde e a Igualdade de Xénero, crítica coas causas que provocan as desigualdades e activista para conseguir un cambio social na cidadanía galega a través do fortalecemento da base social de Médicos do Mundo en Galicia. Para isto fortalecerase a área de mobilización e educación a través da mellora da xestión, a formación e a participación da base social. Os resultados que se pretende acadar son: a mellora da xestión interna da base social a través do establecemento da liña de base de participación e dun marco de coordinación entre equipo técnico, persoas referentes de voluntariado e técnicas de mobilización; desenvolver un plan de formación de voluntariado que permitirá a capacitación e empoderamento das persoas voluntarias na participación activa nos programas e noutros espazos da organización; e mellorar a implicación e a cohesión do voluntariado.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: promover o compromiso coa defensa dos Dereitos Humanos, o Dereito á Saúde e a Igualdade de Xénero, crítica coas causas que provocan as desigualdades e activista para conseguir un cambio social na cidadanía galega a través do fortalecemento da base social de Médicos do Mundo en Galicia.

Obxectivo específico: establecer á organización como referente da Comunicación para o Desenvolvemento en Galicia e aumentar a súa capacidade de obtención de fontes de financiamento diversas.

Subvención da Xunta de Galicia: 19.284€; 7.713,60€ (2014), 11.570,40€ (2015)

07. Asentar a imaxe pública e fortalecer a base social de ACPP Galicia

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

Código CRS: 99810

Zona de actuación: Galicia

Descrición: con este proxecto, ACPP, facilitará os procesos de capacitación e superación das debilidades, fomentarse a participación de socias e socios, mellorará a comunicación coa base social e coa sociedade en xeral, proveerase de ferramentas eficaces para mellorar a súa presenza como actor da Cooperación Galega nun momento clave da mesma e para encarar a planificación estratéxica do período 2014 – 2015. En definitiva, o proxecto permitirá o fortalecemento institucional de ACPP Galicia, sendo un paso coherente na estratexia da delegación e forma parte de todo o proceso de mellora iniciado no 2007.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fortalecer a posición da organización como actor da Cooperación Galega.

Obxectivo específico: asentar a imaxe pública e fortalecer a base social de ACPP Galicia.

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000€; 10.000€ (2014), 15.000€ (2015)

08. Mellora das capacidades da equipa humana de SI Galicia

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

Axente: Solidariedade Internacional-Galicia (SIG)

Código CRS: 99810

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o obxectivo deste proxecto é fortalecer as capacidades de Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), mellorando as capacidades da equipa humana da organización. Os resultados que se esperan acadar son: dispoñer dun plan de captación de voluntariado; mellorar os coñecementos e habilidades do persoal de SIG (voluntariado, equipa técnica

e Xunta Directiva); e definir as liñas estratéxicas de traballo de SIG para os vindeiros 5 anos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fortalecidas as capacidades de Solidariedade Internacional de Galicia.

Obxectivo específico: melloradas as capacidades da equipa humana de Solidariedade Internacional de Galicia.

Subvención da Xunta de Galicia: 22.784€; 9.113,60€ (2014), 13.670,40€ (2015)

7.2 Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento

Coma nos anos anteriores, no 2014 asinouse un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD co obxectivo de continuar fortalecendo o tecido das ONGD galegas e da propio Coordinadora. E, como novidade, no 2014 asinouse un convenio de colaboración coas tres Universidades galegas que ten por obxectivo crear unha rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.

01. 1. Convenio coa Coordinadora Galega de ONGD para «Fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD no ano 2014»

Axente: Coordinadora Galega de ONGD

Código CRS: sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Coordinadora no proxecto denominado «Fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD no ano 2014. Aumentada a lexitimidade da Coordinadora Galega de ONGD como plataforma de representación única das ONGD galegas e como plataforma de promoción do cambio social e defensa da política pública de cooperación en Galicia e mellorada a súa capacidade na prestación de servizos ás ONGD socias».

Obxectivo: contribuír á mellora do Sector Galego de Cooperación para o Desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD, a través da realización das actuacións que se describen no anexo que se achega como parte integrante do presente convenio.

Axuda Xunta de Galicia: 90.000€

02. 2. Convenio de colaboración coas tres Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o «proxecto de conformación dunha rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento»

Axente: Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo

Código CRS: política educativa e xestión administrativa

Zona de actuación: Galicia

Descrición: este Convenio pretende coordinar o traballo conxunto das tres Universidades galegas nos eidos da formación, capacitación e actuación dos seus membros para crear unha rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: fortalecer o papel das universidades galegas no ámbito da cooperación para o desenvolvemento a través da colaboración institucional mutua, e con outras institucións e entidades activas neste eido.

Obxectivo específico: conformar a Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento como un instrumento para facilitar o desenvolvemento institucional das universidades de Galicia en materia de cooperación para o desenvolvemento, así como para a elaboración conxunta de proxectos de cooperación para o desenvolvemento e actividades académicas neste eido.

Axuda Xunta de Galicia: 99.000€ (2014)



8

Formación

8.1 Bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento

Pola Orde do 26 de xuño de 2014 aprobáronse as bases reguladoras para a convocatoria de oito bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento, cuxo obxecto é a formación de persoal especializado na materia.

As bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento completan a formación académica dos titulados universitarios con estadías na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ou no exterior, nas oficinas técnicas de cooperación da AECID ou en organismos internacionais.

A dotación económica da convocatoria foi de 116.779€ (59.112€ para o ano 2014 e 57.667€ para o ano 2013), importe no que se inclúe a Seguridade Social dos 8 bolseiros/as.

As bolsas tiveron os seguintes destinos: cinco nas oficinas técnicas de cooperación da AECID en Nicaragua, O Perú, A República Dominicana, Ecuador e Mozambique, unha na Oficina Rexional da FAO en Guatemala, e dúas na sede da Dirección Xeral en Santiago de Compostela.

A estadía dos bolseiro será de nove meses, desenvolvéndose entre outubro de 2014 e xuño de 2015.



8.2 Actividades formativas

No marco do convenio de colaboración asinado no ano 2014 coa Coordinadora Galega de ONGD levouse a cabo o curso «Retos e novas tendencias na captación de fondos para ONGD: desenvolvemento práctico de campañas». Este curso, que se desenvolveu entre o 7 de maio e o 25 de xuño, tivo por obxecto que as ONGD coñecesen e se familiarizasen con novas técnicas e ferramentas para diversificar as súas fontes de financiamento e para deseñar as súas propias campañas de captación de fondos.

Por outra parte, ao amparo do convenio de colaboración asinado coas tres universidades galegas deseñouse e implementouse un plan de formación específica en materia de cooperación ao desenvolvemento destinado ao persoal universitario, no marco do cal se levaron a acabo as seguintes actividades entre os meses de setembro e novembro de 2014:

- Curso de Aprendizaxe e Servizo, realizado na Universidade da Coruña.
- Curso de Introducción á Educación para o Desenvolvemento, realizado nas tres Universidades da RGCUD.
- Curso de Introducción ao Voluntariado, realizado nas Universidades da Coruña e Santiago de Compostela.
- Curso de Diversificación de Fondos en Cooperación ao Desenvolvemento: Subvencións EUROPEAID, realizado nas tres Universidades
- Curso de Formulación de Proxectos de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, realizado nas tres Universidades.

9

Coordinación sectorial e interadministrativa

9.1 Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE)

O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, creado pola Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento.

O 23 de decembro de 2014 tivo lugar unha xuntanza do plenario do Consello para informar aos membros

do Consello do estado da execución do Plan anual 2014 e para aprobar o proxecto do Plan anual 2015 da Cooperación Galega.

A xuntanza do Consello completa ás xuntanzas bilaterais que tanto o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza como os representantes da DXRREE e UE mantiveron cos representantes do sector ao longo do 2014.



9.2 Comisión Interterritorial de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE participou, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, na xuntanza do Pleno da Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento que tivo lugar en Trujillo (Cáceres) o 25 de novembro de 2014.

A Comisión Interterritorial é un órgano consultivo e de coordinación, concertación e colaboración entre as Administracións públicas que levan a cabo accións de cooperación para o desenvolvemento. e

nela participan representantes da Administración Xeral do Estado, das CC.AA. e das Entidades Locais.

Na xuntanza de Trujillo tratáronse, entre outros temas, a situación dos convenios marco para o reforzo da coordinación e complementariedade da cooperación española e do específico para a programación conxunta da acción humanitaria, as actuacións a desenvolver con motivo do Ano Europeo de Desenvolvemento, ou a avaliación da cooperación española.



9.3 VII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento

Representantes da DXRREE e UE participaron no VII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación ao Desenvolvemento que tivo lugar en Toledo os días 8 e 9 de maio de 2014, e ao que asistiron representantes de todas as Comunidades Autónomas e da AECID.

Os representantes das Comunidades Autónomas incidiron na necesidade de abordar de xeito conxunto os retos de futuro da cooperación descentralizada, para o cal é preciso avanzar nos procesos de coordinación, complementariedade e división do traballo, superando a lóxica diferenciadora que acompaña ás políticas de cooperación descentralizada. Todo isto co fin de superar a actual fragmentación, duplicidade e solapamento de esforzos.

Froito de todas as deliberacións aprobouse unha declaración institucional, asinada por todas as Comunidades Autónomas, na que se fai fincapé na

vontade de aumentar a súa axuda oficial para o desenvolvemento a medida que mellora e se consolida a recuperación económica, de establecer unha programación conxunta da Acción Humanitaria da cooperación española coas Comunidades Autónomas que favoreza a concentración das axudas e garanta a eficacia dos fondos e de impulsar a Educación para o Desenvolvemento como campo propio de actuación do nivel autonómico. Así mesmo, recolle a creación de dous grupos de traballo, un sobre harmonización e simplificación normativa, e outro sobre Educación para o Desenvolvemento, nos que participa Galicia.

Os citados grupos de traballo reuníronse en Trujillo o 13 de novembro para a posta en común por parte das CC.AA. da información e boas prácticas en cada unha das materias obxecto de ambos grupos, de cara a avanzar na mellora da coordinación e complementariedade e na homoxeneización de procedementos.



9.4 Consello de Acción Exterior (CAEX)

O Consello de Acción Exterior foi creado no 2011 como órgano de traballo asesor da Xunta de Galicia en materia de acción exterior. Trátase dun órgano colexiado, no que está representada a sociedade civil galega e no que participan os departamentos autonómicos con maior experiencia no ámbito exterior (a Coordinadora Galega de ONGD conta cun representante). O obxectivo do CAEX é fomentar o maior consenso social posible na definición das grandes

liñas da acción exterior de Galicia, buscando sinerxías entre os diferentes actores.

O 31 de outubro de 2014 celebrouse una reunión do CAEX para informar a aos seus membros do obxectivo da Xunta de reformular as prioridades da súa acción exterior para adaptalas ao novo escenario financeiro da UE, ás novidades lexislativas neste eido a nivel nacional e á necesidade de buscar novos mercados foráneos.

10

Viaxes, visitas e actos institucionais

10.1 Viaxes de cooperación ao exterior

No ano 2014 leváronse a cabo dúas viaxes institucionais ao exterior, unha a Nicaragua e Cuba e outra a Alxeria para visitar os campamentos de refuxiados saharauís.

Viaxe a Nicaragua e Cuba

Entre os días 3 e 7 de novembro de 2014 o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo Aller, e a subdirectora xeral de Cooperación Exterior, Pilar Romero Rodríguez, realizaron unha visita institucional a Nicaragua e Cuba, que foi organizada en coordinación coas Oficina Técnica de Cooperación da AECID nos dous países.

O obxecto fundamental da visita foi realizar o seguimento das actuacións financiadas pola Xunta de Galicia en Nicaragua, país estratéxico para a Cooperación Galega, non solo polo vínculo histórico que con el nos une e por dispor duns dos índices de pobreza e pobreza extrema máis altos da rexión, senón tamén pola tradicional presenza e traballo desenvolvido por numerosos axentes galegos de cooperación en dito país. O seu carácter de país prioritario aparece recollido nos tres plans directores que rexeron a Cooperación Galega ata a actualidade.

Ademais de realizar varias visitas a proxectos financiados pola Cooperación Galega, a delegación da Xunta mantivo diversos encontros institucionais con autoridades nicaraguanos e co xefe da Delegación da UE en Nicaragua.

Aproveitando a viaxe a Nicaragua, ao remate da axenda da mesma a delegación galega fixo unha extensión á Habana co obxecto de manter unha reunión cos responsables da Oficina do Historiador da Cidade da Habana (OHCH) para analizar a posible

colaboración da Cooperación Galega nun proxecto de apoio aos servizos sociais do Centro Histórico da cidade.



Visita aos campamentos de refuxiados saharauís

Entre os días 12 e o 14 de decembro de 2014 unha delegación da Xunta de Galicia encabezada polo seu vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda Valenzuela, realizou unha visita institucional aos campamentos de refuxiados saharauís, en Tindouf (Alxeria).

A poboación dos campamentos saharauís ten a consideración de prioritaria dentro da planificación de actuacións da Cooperación Galega dende o primeiro

Plan director (2006-2009) ata o último (2014-2017), e como consecuencia financiáronse actuacións nesta zona no marco dos tres plans directores, e incluso anteriores, no 2005.

Na visita aos campamentos a delegación institucional estivo acompañada polo delegado saharauí para España, Bucharaya Beyum, polo delegado saharauí para Galicia, Habibullah Mohamed Kuri, e pola presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS), Maite Isla.





10.2 Visitas institucionais a Galicia

Durante o ano 2014 recibíronse en Galicia visitas de representantes de diversas entidades públicas e privadas, procedentes de terceiros países, relacionadas co ámbito da cooperación para o desenvolvemento.

Así, no mes de febreiro recibíuse a visita en Galicia dunha unha delegación da ONGD «Fe y Alegría, Nicaragua», que mantivo un encontro co vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e co director xeral de RREE e UE, e que serviu para darlles a coñecer de primeira man a situación da educación en Nicaragua, así como as melloras que se están producindo debido, en parte, ao investimento realizado pola Xunta de Galicia e que se formaliza a través de proxectos de cooperación neste país.

No mes de abril, mantívose un encontro na sede da DXRREE e UE con tres mozos e mozas de salvadoreños que traballan como voluntarios en Radio Tehuacán, unha radio comunitaria creada a través dun proxecto financiado pola Xunta de Galicia grazas ao impulso das ONGD AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz, e que ten como obxectivo converterse nun altofalante da súa comunidade e devolvelle aos seus veciños e veciñas un dereito fundamental, o de poder comunicarse entre eles e

co resto do mundo, decidindo ele/as mesmo/as cales son os temas importantes e abrindo os micrófonos á participación cidadá.

No mes de xuño, na sede da DRRREE e UE o director xeral recibiu unha delegación da Administración Rexional de Augas do Norte de Mozambique (ARA-Norte). Esta visita formaba parte das actividades previstas dentro do proxecto «Partenariado de apoio técnico á consolidación da Administración Rexional de Augas do Norte (ARA-Norte) de Mozambique», que foi aprobado pola Comisión Europea a finais de 2011 no marco do 10th European Development Fund ACP-EU Water Facility, e que xurde da colaboración entre a DXRREE e UE (que cofinanciou a intervención) e a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia (executora do proxecto)

Tamén no mes de xuño recibíuse na sede da DXRREE e UE a visita da relixiosa sudanesa Irmá Elisabeth, traballadora na actualidade do Servizo Xesuíta para os Refuxiados, quen da man da ONGD Entreculturas visitou Galicia con motivo da celebración do día internacional dos refuxiados para achegar a súa testemuña polo seu pasado como refuxiada e sensibilizar á cidadanía galega sobre a realidade de dito colectivo.





10.3 Campaña Mundial pola Educación 2014

A Xunta de Galicia colaborou un ano máis na Campaña Mundial pola Educación. O acto central da campaña tivo lugar o 10 de abril na sede do Valedor do Pobo no que participaron ademais dos representantes das ONGD e os embaixadores e embaixadoras da Campaña. O valedor do Pobo, José Julio Fernández, e o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo.

Baixo o lema «Sumemos capacidades. Polo dereito a unha educación inclusiva» participaron no acto 25 nenos e nenas do CEIP Nº2 de Tui, IES Carlos Casares de Viana do Bolo, AMICOS de Ribeira e o CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela, como embaixadores e embaixadoras que representan a máis de 3.000 alumnos e alumnas galegos que cada ano traballan nesta Campaña.

A Campaña Mundial pola Educación é unha coalición internacional formada por ONGD, sindicatos do ámbito educativo, centros escolares e movementos sociais de moi diverso signo, que reclaman o cumprimento íntegro dos compromisos do «Cumio de Dakar» do ano 2000, onde a comunidade internacional comprometeuse a garantir o acceso a unha educación de calidade para todos e todas antes do ano 2015.

A Campaña Mundial pola Educación conta dende o ano 2008 con financiamento da Cooperación Galega.

11

Publicacións e avaliacións

II.1 Publicacións

Tomando coma referencia o obxectivo de realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega, no ano 2014 editáronse e distribuíronse as dúas publicacións seguintes:

- O III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017, do que se editaron 500 exemplares en galego e castelán.
- O Informe Anual 2013, que recolle as actividades financiadas nese ano pola Cooperación Galega, e do que se editaron igualmente 500 exemplares.



II.2 Avaliacións

Co obxectivo de incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega realizouse a avaliación final ex-post das intervencións financiadas na República Dominicana dende o ano 2007 ao 2013, co obxectivo de determinar o alcance e a calidade do traballo realizado.

A República Dominicana é país prioritario da Cooperación Galega dende o I Plan director, ademais de ser dos principais países receptores de Axuda Oficial para o Desenvolvemento galega dende os seus inicios, tanto a través das convocatorias públicas de axudas como dos convenios de colaboración.

O alcance da avaliación foi dun total de 14 proxectos financiados pola Cooperación Galega a través de convocatorias públicas de axudas e de convenios de colaboración durante o período 2007-2013, sendo presentados informes individualizados de consecución de obxectivos e resultados, xunto cun análise dos enfoques transversais de xénero, medio ambiente e dereitos humanos.

Os informes da avaliación de cada proxecto están dispoñibles para a súa consulta na páxina web www.cooperaciongalega.org




cooperación galega

galega

